

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 31 de outubro de 2005

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucía Molares Pérez
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D^a. Soledad Polo Lima
D. Carlos Comesaña Abalde
D. Antonio Coello Bufill
D^a. Marta Iglesias Bueno

NON ASISTEN:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Iglesias Carrera

Na Casa do Concello de Vigo, ás oito horas e cincuenta e cinco minutos do día trinta e un de outubro de dous mil cinco, baixo a presidencia do primeiro tenente de alcalde, Ilmo. Sr. Figueroa Vila, por ausencia da Excma. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o concelleiro Sr. Couto Pérez, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1413).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión 17 de outubro de 2005. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(1414).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES: ALTA EXPTE. 22/1415/05.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe de Sector de Acción Social, conformado pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno Local acorda:

Conceder a prestación do Servizo de Centro de Día para persoas maiores a D^a Dolores Giráldez Moreira.

3(1415).-PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: PROPOSTA DENEGATORIA EXPTE. 21/1321, 2/1176/05.

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informes proposta do xefe de Sector de Acción Social, conformados pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno Local acorda denegar a prestación do Servizo de axuda no fogar ás seguintes persoas:

- D. Santiago Puime Grela. Expte. 21/1321.
- D. Francisco Vaamonde Espiño. Expte. 02/1176.

4(1416).-CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN A ENTIDADES E ASOCIACIÓN SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA DESENVOLVEMENTO E MANTEMENTO DE PROGRAMAS DE SERVIZOS SOCIAIS- ANO 2005. EXPTE. 12907/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Comisión de avaliación de subvencións a entidades e asociacións sen ánimo de lucro para o desenvolvemento e mantemento de programas de servizos sociais, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Conceder as subvencións que a continuación se indican, ás asociacións e entidades que se sinalan, como consecuencia da convocatoria para programas ou actividades, con cargo á partida 3130.4890000 do orzamento vixente, por un importe total de 75.000€.

NOME	CIF	IMPORTE	TIPO AXUDA	PROXECTO
"INCLUSION" ASOC. DE PROMOCION ATENCIÓN A LAS PERSONAS EN RIESGO DE EXCLUSIÓN	G36921893	1.000	MANTEMENTO	MANTEMENTO
ASO. GALEGA DE HEMOFILIA	G15220577	1.750	ACTIVIDADES	TALLERES AFECTADOS VHC
ASOC. ALOUMIÑO	G36853661	1.000	MANTEMENTO	MANTEMENTO
ASOC. CIUDADANA PARA A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA (ALIAR)	G36844694	2.750	ACTIVIDADES	PREVENCIÓN E TRATAMENTO DAS CONDUTAS VIOLENTAS
ASOC. DE ALCOHOLICOS REHABILITADOS DE VIGO "ARVI"	G36730521	600	MANTEMENTO	50% DO MANTEMENTO
ASOC. DE AYUDA A LA VIDA (AYUVI)	G36805536	2.000	ACTIVIDADES	PROGRAMA MADRES
ASOC. DE BULIMIA E ANOREXIA DE PONTEVEDRA (ABAP)	G36835403	2.500	ACTIVIDADES	CAMPAÑA ALIMENTACION SAUDABLE
ASOC. DE DIABETICOS DE VIGO	G36822286	500	MANTEMENTO	MANTEMENTO

NOME	CIF	IMPORTE	TIPO AXUDA	PROXECTO
ASOC. DE MARQUETING SOCIAL (ADEMAS)	G36869642	1.000	ACTIVIDADES	CAMPAÑA DE SENSIBILIZACION
ASOC. DE PADRES DE MINUSVALIDOS DE PONTEVEDRA (APAMP)	G36624120	4.500	ACTIVIDADES	PROXECTO DE MUSICO-TERAPIA
ASOC. DE PADRES DE PARATILITICOS "AMENCER" DE PONTEVERA	G36153757	2.000	ACTIVIDADES	AULA EXPERIMENTAL TECNOLOXIAS APLICADAS Á DISCAPACIDADE
ASOC. DE PADRES DE PERSONAS CON RETRASO MENTAL (ASPAVI)	G36870558	1.000	MANTEMENTO	MANTEMENTO
ASOC. DE PERSOAS AFECTADAS POR LESIÓN CEREBRAL ADQUIRIDA (ALENTO)	G36873511	2.500	ACTIVIDADES	CAMPAÑA DE PREVENCIÓN ACCIDENTES EN XÓVENES
ASOC. E INTEGRACIÓN DE AYUDA AL DESARROLLO AFRICANO (AIDA)	G36818649	3.250	ACTIVIDADES	INTEG. INMIGRANTES AFRICANOS E DIFUSIÓN CULTURAL
ASOC. FASE DE ENCUENTRO	G15438955	4.000	MANTEMENTO	MANTEMENTO PISO TUTELADO
ASOC. FIBROMALGIA Y FATIGA CRÓNICA (AFIBROPO)	G36846822	1.500	ACTIVIDADES	IV XORNADAS DE FIBROMALGIA E FATIGA CRONICA
ASOC. GALEGA SAN FRANCISCO	G36613891	3.600	MANTEMENTO E ACTIVIDADES	MANTEMENTO 1.600 € ACTIVIDADES 2.000 € (CONVIVENCIAS)
ASOC. GALLEGA CONTRA ENFERMEDADES NEUROMUSCULARES ASEM GALICIA	G36925691	5.000	ACTIVIDADES	XXII CONGRESO NACIONAL
ASOC. GALLEGA DE JUGADORES ANÓNIMOS (GAJA)	G36730059	2.000	ACTIVIDADES	III CONGRESO LUDOPATIA E CONDUCTAS ADITIVAS
ASOC. PARA A ORIENTACIÓN, FORMACIÓN E INSERCIÓN DOS TRABALLADORES EXTRANXEIROS (CITE)	G15374598	2.000	MANTEMENTO	MANTEMENTO
ASOC. VIGUESA DE ALCOHOGIA "ASVIDAL"	G36627453	2.250	ACTIVIDADES	CAPACITACIÓN PARA A INCORPORACIÓN SOCIO-LABORAL
ASOC. VIGUESA DE ESPONDOLITICOS DE PONTEVEDRA (AVIDEPO)	G36821171	600	MANTEMENTO	50% DO MANTEMENTO
ASOC. VOLUNTARIADO PENITENCIARIO	G36942589	1.250	MANTEMENTO	MANTEMENTO
ASPANAEX	G3660590	2.500	ACTIVIDADES E MANTEMENTO	CLASES DE TAICHI 1.000 MANTEMENTO 1.500
AUTISMO VIGO	G36849883	1.750	ACTIVIDADES	ACTIVIDADES LUDICAS, ETEC. PERSOAS CON T.E.A.
CLUB DE OCIO E IEMPO LIBRE "NOVAS RUTAS" PARA DISCAPACITADOS PSIQUICOS	G36854867	2.500	ACTIVIDADES	PROYECTO ALEDAR

NOME	CIF	IMPORTE	TIPO AXUDA	PROXECTO
FED. DE ASOCIACIONES DE MINUSVALIDOS DA PROVINCIA (COGAMI)	G36704195	2.000	MANTEMENTO	50% DO MANTEMENTO
FEDERACION DE ASOCIACIONES CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL (FADENGA)	G36620037	2.500	ACTIVIDADES E MANTEMENTO	MANTEMENTO 1.500 € ACTIVIDADES 1.000 € (MELLORA DO EMPREGO)
FUNDACION ERGUETE-INTEGRACION	G36861078	1.250	ACTIVIDADES	CREACION CIBER
FUNDACION IGUAL ARTE	G36427524	1.300	MANTEMENTO	50% DO MANTEMENTO
FUNDACIÓN JUANSOÑADOR	G24452435	1.250	ACTIVIDADES	PROGRAMA TERANGA
FUNDACION MENELA	G36685964	3.500	ACTIVIDADES	CAMPAMENTO URBANO 2005
FUNDACION MONTE DO GOZO – PROXECTO HOME GALICIA	G15258213	3.000	MANTEMENTO	50% DO MANTEMENTO
FUNDACIÓN QUIÑESIA	G36814309	900	MANTEMENTO	50% DO MANTEMENTO
HOPITALIDAD NTA. SRA. DE LOURDES	G36776128	1.500	ACTIVIDADES	DÍA DO ENFFERMO
MENIÑOS FUNDACION GALEGA PARA A INFANCIA	G15551120	2.500	ACTIVIDADES	FACENDO FAMILIA

2º.- Denegar as solicitudes formuladas polas seguintes asociacións, polas razóns que se indican

NOME	CIF	MOTIVO
MEDICOS DEL MUNDO	G79408852	• BASE CUARTA. CONVENIO CO CONCELLO
COGAMI	G32115941	• AMBITO AUTONOMICO. A FEDERACION COGAMI ACTUA EN VIGO E NO SEU MANTEMENTO INCLUESE O PROGRAMA. NON OPERA AMBITO LOCAL.
ASOC. AYUDA A TOXICOMANOS “ERGUETE”	G36642726	• BASE CUARTA. CONVENIO CO CONCELLO
ASOC. MADRES EN DEFENSA DE LOS JOVENES DROGODEPENDIENTES (MADRO)	G36750651	• BASE CUARTA. CONVENIO CO CONCELLO
ASOC. SINDROME DE DOWN	G36697324	• BASE CUARTA. CONVENIO CO CONCELLO
ASOC. DE PERSOAS SORDAS DE VIGO	G36622835	• BASE CUARTA. CONVENIO CO CONCELLO
ASOC. FUNDAI	G36801991	• OUTRAS CANLES. FONDO DE COOPERACION • NON OPERA AMBITO LOCAL
NOME	CIF	MOTIVO

ASOC. HOY POR MAÑANA	G36806917	<ul style="list-style-type: none"> • BASE CUARTA. CONVENIO CONCELLO
CENTRO CULTURAL ARTISTICO-RECREATIVO DE VALLADARES	G36617082	<ul style="list-style-type: none"> • INSCRITA COMO ASOC. VECIÑAL, EPIGRAFE NON OBXECTO CONVOCATORIA (PARAGRAFO TERCEIRO BASE QUINTA) • APARTADO C) DA BASE TERCEIRA
GRUPO DE ESTUDIOS SOBRE A CONDICION DE LA MULLER "ALECRIN"	G36633154	<ul style="list-style-type: none"> • BASE CUARTA. FINANCIACION CONCELLO • APARTADO C) BASE TERCEIRA
ASOC. CIUDADANA DE LUCHA CONTRA LA DROGA (ALBORADA)	G36624963	<ul style="list-style-type: none"> • BASE CUARTA. CONVENIO CO CONCELLO
ASOC. DE MULLERES DE PESCADORES DAS RIAS BAIXAS. "ROSA DOS VENTOS"	G36730844	<ul style="list-style-type: none"> • APARTADO C) BASE TERCERA
ASOC. VECIÑAS DE TEIS	G36646545	<ul style="list-style-type: none"> • INSCRITA COMO ASOC. VECIÑAL, EPIGRAFE NON OBXECTO DA CONVOCATORIA (PARAGRAFO TERCEIRO BASE QUINTA)
ASOC. DE NIÑOS CON HIPERACTIVIDAD Y DEFICIT DE ATENCIÓN (ANHIDA)	G36938272	<ul style="list-style-type: none"> • NON É UNHA ENTIDADE PRESTADORA. BASE QUINTA. NON RESPONDEU REQUIRIMENTO
ASOC. DE INTEGRACION GALEGO-BRASILEIRA	G36920288	<ul style="list-style-type: none"> • NON APORTAR DOCUMENTACION, BASE OITAVA

3º.- Dar as ordes oportunas para a publicación do presente acordo no taboleiro de anuncios do Concello.

5(1417).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DO SERVIZO DE DEPORTES DE PONTEVEDRA DA CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTES DA XUNTA DE GALICIA PARA REALIZAR UNHAS XORNADAS DE CAMPO A TRAVÉS NO PARQUE DE CASTRELOS O 15.01.06. EXPTE. 5611/333.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a solicitude do Servizo de Deportes da Consellería de Cultura e Deportes da Xunta de Galicia e de acordo co informe proposta do director deportivo do IMD, do 20.10.05, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar ao Servizo de Deportes de Pontevedra da Consellería de Cultura e Deportes da Xunta de Galiza a organizar, os vindeiros días 20 de novembro de 2005 e 15 de xaneiro de 2006, unhas xornadas de campo a través co gallo da campaña de deporte en idade escolar en colaboración coa delegación da Federación Galega de Astletismo e diferentes agrupacións deportivas, que se desenvolveran no Parque de Castrelos entre as 08:00 h. e as 14:00 h.

6(1418).-DEVOLUCIÓN DE FIANZA CONSTITUÍDA POR FLORIDA GYM S.L. PARA RESPONDER DA LIMPEZA DA PISTA DE PATINAXE DE SAMIL CON MOTIVO CELEBRACIÓN DA PROBA DEPORTIVA FLORIDA BEACHFITNESS. EXPTE. 5612/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe proposta do director deportivo do IMD, do 26.10.05, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a devolución do aval de 1.200 € imposto polo departamento de Montes, Parques e Xardíns a empresa Florida Gym S. L. para responder da limpeza da pista de patinaxe de Samil, con motivo da celebración na mesma da actividade deportiva Florida Beachfitness o día 18 de setembro de 2005.

7(1419).-PRÓRROGA, POR UN ANO, DO CONTRATO PARA A REALIZACIÓN DO MANTEMENTO DO TERREO DE XOGO DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS ADXUDICADO A CESPAS S.A. EXPTE. 3861/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 18.10.05, conformado pola concelleira de Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, que di o seguinte:

Por acordo da Comisión de Goberno de 17.11.2003, adxudicouse o concurso para a contratación do servizo de mantemento do terreo de xogo do Estadio Municipal de Balaídos.

Na cláusula 5 do prego de condicións que rexeu a contratación establecíase como prazo do contrato o de dous anos contado dende o día un do mes seguinte á data de sinatura do contrato en documento administrativo. Así, a prestación do servizo comezou no mes de febreiro de 2004. Nesta mesma cláusula facíase previsión da posibilidade de prorrogar o contrato por dúas anualidades máis previo acordo expreso do órgano de contratación.

En función das anteriores consideracións proponse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte ACORDO:

Autorizar a prórroga para o período comprendido entre o 01.02.2006 e o 31.01.2007, do contrato para a realización do mantemento do terreo de xogo do Estadio Municipal de Balaídos, adxudicado á empresa CESPAS, S.A., por acordo da Xunta de Goberno Local do 17.11.2003.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(1420).-PRÓRROGA, POR UN ANO, DO CONTRATO PARA A DIRECCIÓN TÉCNICA DOS TRABALLOS DE MANTEMENTO DOS CAMPOS DE FÚTBOL DE BALAIÓDOS, BARREIRO E A MADROA ADXUDICADO A D. JOSÉ MANUEL CALDERÓN RODRÍGUEZ. EXPTE. 3859/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 18.10.05, conformado pola concelleira de Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, que di o seguinte:

Por acordo da Comisión de Goberno de 17-11-2003, adxudicouse o concurso para a prestación da dirección técnica dos traballos de mantemento dos campos de fútbol de Balaídos, Barreiro e A Madroa, ao enxeñeiro don José Manuel Calderón Rodríguez.

Na cláusula 5 do prego de condicións que rexeu a contratación establecíase como prazo do contrato o de dous anos contado dende o día un do mes seguinte á data de sinatura do contrato en documento administrativo. Así,

a prestación do servizo comezou no mes de febreiro de 2004. Nesta mesma cláusula facíase previsión da posibilidade de prorrogar o contrato por dúas anualidades máis previo acordo expreso do órgano de contratación.

En función das anteriores consideracións *proponse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte ACORDO:*

“Autorizar a prórroga para o período comprendido entre o 01-02-2006 e o 31-01-2007 do contrato para a dirección técnica dos traballos de mantemento dos campos de fútbol de Balaídos, Barreiro e A Madroa, adxudicado ao enxeñeiro don José Manuel Calderón Rodríguez, por acordo da Xunta de Goberno Local do 17-11-2003”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(1421).-PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO “APOIO Á XESTIÓN DOS SERVIZOS DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS DO CONCELLO DE VIGO” PARA PRESENTAR Á CONVOCATORIA “PROGRAMA DE FOMENTO DA INSERCIÓN LABORAL DE MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DOMÉSTICA-ANO 2005”. EXPTE. 3491/77.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 26.10.05, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, que di o seguinte:

O Plan municipal de emprego 2004-2007 foi aprobado, por unanimidade, o 26 de xaneiro de 2004 e contempla como un dos seus principais obxectivos favorecer a inserción laboral dos colectivos con maiores dificultades de acceso ao mundo laboral; o propio plan especifica como un colectivo prefente o de as persoas vítimas de violencia doméstica.

A Orde do 4 de febreiro de 2005, da Consellaría de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, regula a convocatoria do Programa de fomento da inserción laboral de mulleres vítimas de violencia doméstica, para o ano 2005, cunha dobre finalidade: dunha banda a psicossocial, de recuperación da propia identidade e autoestima e de proporcionar uns medios de subsistencia e, doutra, a de ser un primeiro paso cara a súa incorporación ou reincorporación ao mercado de traballo.

Mediante este programa a Xunta de Galicia subvenciona os custos salariais totais do persoal traballador segundo o convenio de aplicación, excepto a indemnización por cese, que sería a única cantidade que o Concello de Vigo debería cofinanciar en caso de resolución favorable aprobatoria de subvención.

No marco desta orde e tras un informe da Xunta de Galicia sobre o número e perfil das mulleres residentes en Vigo candidatas a ser beneficiarias deste programa, o departamento de Desenvolvemento Local e Emprego preparou unha memoria de actuacións denominada “Apoio á xestión dos servizos de atención ás persoas do Concello de Vigo”, que se achega, na que están implicados departamentos, sensibilizados con esta problemática, que realizan servizos de atención ás persoas dentro de planes municipais específicos como son: Benestar Social (Plan local de drogas), Muller (Plan de igualdade de oportunidades) e o mesmo Desenvolvemento Local e Emprego (Plan municipal de emprego), donde estas mulleres realizarían funcións de atención telefónica, conserxería e apoio administrativo básico, entre outras.

A Comisión Paritaria de Seguimento do Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007 tratou este tema na súa reunión do 26 de outubro de 2005, dando a súa aprobación. Estas mulleres serán contratadas como beneficiarias dos programas de emprego no marco do mencionado Acordo regulador, coa categoría de peón.

Por todo o anteriormente exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes acordos:

- 1) Aprobar a memoria “Apoio á xestión dos servizos de atención ás persoas do Concello de Vigo”, para presentar á convocatoria Programa de fomento da inserción laboral de mulleres vítimas de violencia doméstica, coa finalidade de contratar a 7 mulleres beneficiarias deste programa.*
- 2) Solicitar á Xunta de Galicia subvención para o desenvolvemento da memoria aprobada.*
- 3) Asumir as obrigas económicas que ao Concello de Vigo lle podan corresponder no desenvolvemento deste proxecto, no caso de ser aprobado pola Xunta de Galicia.*

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe, acorda:

1º.- Aprobar a memoria “Apoio á xestión dos servizos de atención ás persoas do Concello de Vigo”, que de seguido se transcribe, para presentar á convocatoria Programa de fomento da inserción laboral de mulleres vítimas de violencia doméstica, coa finalidade de contratar a 7 mulleres beneficiarias deste programa.

2º.- Solicitar á Xunta de Galicia subvención para o desenvolvemento da memoria aprobada.

3º.- Asumir as obrigas económicas que ao Concello de Vigo lle podan corresponder no desenvolvemento deste proxecto, no caso de ser aprobado pola Xunta de Galicia.

PROXECTO: APOIO Á XESTIÓN DOS SERVIZOS DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS DO CONCELLO DE VIGO.

1) ANTECEDENTES

O Plan municipal de emprego 2004-2007 do Concello de Vigo, aprobado por unanimidade o 26 de xaneiro de 2004, contempla como un dos seus principais obxectivos favorecer a inserción laboral dos colectivos con maiores dificultades de acceso ao mundo laboral, especificando como un colectivo preferente o de as persoas vítimas de violencia doméstica. Ademais este plan recorre na súa mención das actuacións e da aplicación transversal, ás directrices da Estratexia Marco Comunitaria sobre Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes 2001-2005 e ao II Plan Municipal para a Igualdade de Oportunidades e de Trato das Mulleres de Vigo 2003-2004.

Se tomamos estas como referencias, o Quinto Programa de Acción sobre a Estratexia Comunitaria en materia de igualdade entre mulleres e homes (2001-2005), en continuidade cos anteriores, afonda na incorporación da transversalidade a todas as accións da Comisión Europea e propón áreas de actuación dual: políticas de integración da Igualdade de forma transversal (“mainstreaming de xénero”) e accións específicas dirixidas a mulleres.*

**“Mainstreaming de xénero” defínese como a consideración sistemática das diferencias entre as condicións, situacións e necesidades dos homes e das mulleres no conxunto das políticas e accións; é a estratexia para*

lograr a aplicación transversal da Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes en todos os ámbitos posibles desde un enfoque global”. (IV Programa Europeo de I.O. 96-2000)

Con este marco global, os programas comunitarios teñen a súa continuidade territorial en planes nacionais, autonómicos e locais que, coas mesmas directrices, adaptan as súas actuacións a unha realidade diferente segundo o territorio e supoñen unha implicación dos poderes públicos.

As experiencias de proxectos europeos que acercan as políticas comunitarias a ámbitos locais e sectoriais como o proxecto Compás (e outros que incorporan a Igualdade de Oportunidades en sectores empresariais), dentro da Iniciativa Equal ou as anteriores de Recursos Humanos (NOW), aportan unha referencia importante para a integración das materias de emprego e Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes.

Como o ámbito local é o que permite coñecer e intervir con máis proximidade e coñecemento da realidade, a transversalidade debe supoñer unha perspectiva global e integradora en todas as actuacións municipais, aínda que no II Plan Municipal para a Igualdade do Concello de Vigo se responsabilice á Concellaría da Muller na maioría das actuacións previstas.

Neste Plan, a co-responsabilidade coa Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego aparece explícita no obxectivo 2: “corrixir as desigualdades entre homes e mulleres no mercado laboral” e, en concreto no apartado 2.2: “Eliminar as desigualdades e loitar contra a segregación horizontal”, que inclúe como unha das accións:

- *“Apoiar o emprego das mulleres en situacións de especial dificultade impulsando a realización de accións formativas orientadas a mellorar as actitudes e destrezas para loitar contra a desmembración e a escasa autoestima.”*

En xeral, a situación das mulleres e homes no mercado laboral sigue tendo desigualdades visibles. Ademais de aspectos como a segregación horizontal, segregación vertical, armonización de vida familiar e laboral, etc., existe unha realidade cada vez máis ampla e con perspectivas de crecemento, que é o número de núcleos familiares e de convivencia con solo unha persoa adulta (case en el 90% dos casos son mulleres) como “activa” a efectos de mercado laboral, ao que habería que engadir a problemática da violencia doméstica.

2) OBXECTIVOS

As mulleres en situación de malos tratos ou vítimas de violencia doméstica, están xeralmente inmersas en procesos individuais complexos nos que se interrelacionan carencias e desaxustes emocionais, familiares, sociais e laborais que lle afectan individualmente e ás persoas dependentes. Aínda que graves, estas situacións son temporais e transitorias, iniciadas por circunstancias externas; é unha situación concreta, non unha condición que impida a inserción sociolaboral permanentemente, aínda que poida ser un proceso longo e con situación de partida de baixa ocupabilidade. Polo tanto favorecer a participación no mercado laboral e a mellora da ocupabilidade través de programas de fomento de emprego pode significar un impulso importante que complementa as axudas que aportan os servizos especializados (sempre e cando se inicie no momento oportuno) e previr a cronificación dunha situación precaria que afecta a toda unha unidade familiar de convivencia.

Os programas do tipo do obradoiro de emprego, programas de cooperación, formación con compromiso de contratación e programas específicos de formación e contratación, como o Programa de fomento da inserción laboral de mulleres vítimas de violencia doméstica aportan:

- ◆ *Unha posibilidade de capacitación – formación con cobertura económica durante un tempo mínimo que facilita e permite avanzar na estabilidade individual e das persoas dependentes; reorganizar a vida e aumentar as posibilidades de retomar ou iniciar a inserción sociolaboral.*

- ◆ *Unha posibilidade de superar e traballar aspectos relacionados coas competencias e habilidades persoais para o emprego, que nun emprego diferente requiren de máis inmediatez polas esixencias cada vez maiores do mercado laboral, que ademais ofrece condicións precarias.*
- ◆ *Un período mínimo de adaptación ao mercado laboral imprescindible para superar as barreiras internas e externas, sempre e cando se traballen con esta perspectiva.*

3) OBRA/SERVIZO PARA REALIZAR

Na actualidade, no Concello de Vigo están desenvolvéndose diferentes planes de actuación relacionados coa atención a persoas, entre eles tres pertencentes a departamentos sensibilizados coa problemática da violencia doméstica: Benestar Social, que desenvolve o Plan local de drogas, a concellaría de Muller o Plan de igualdade de oportunidades e Desenvolvemento Local e Emprego o Plan municipal de emprego 2004-2007. Estes planes necesitan colaboración para a súa xestión no referente a:

- *Funcións de conserxaría e ordenanza nas instalacións municipais onde se desenvolven estes planes relacionados coa atención a persoas.*
- *Atención telefónica nas anteriores instalacións.*
- *Apoio administrativo básico, como pode ser ordenación e arquivo de documentación e bibliografía, entre outros.*

O perfil profesional das 7 mulleres, residentes en Vigo, candidatas a ser beneficiarias deste programa (seis con estudos primarios e unha con FPI administrativo), segundo información da propia Xunta de Galicia, se corresponde coa posibilidade da realización destas funcións de apoio á xestión dos servizos de atención ás persoas do Concello de Vigo, repartidas entre as tres concellarías antes mencionadas: Benestar Social, Muller e Desenvolvemento Local e Emprego. Ademais os departamentos implicados se comprometen a proporcionar ás beneficiarias a orientación e formación específica que necesiten para a mellora da súa ocupabilidade.

10(1422).- BASES PARA A SELECCIÓN DUN/HA TÉCNICO/A PARA O PROGRAMA SAE-MICROCRÉDITOS. EXPTE. 3418/77.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 13.02.05, que di o seguinte:

O Concello de Vigo e a entidade financeira CaixaGalicia veñen de asinar, con data 26/07/05, convenio de colaboración para a realización dunha asistencia técnica no Servizo de Asesoramento a Emprendedores (SAE), consistente no financiamento, por parte de CaixaGalicia, dos custos salariais totais dun técnico que dende o ámbito municipal colabore na posta en marcha e desenvolvemento dun programa piloto de microcréditos para emprendedores sen posibilidades de acceso ás fontes normalizadas de financiamento bancario, por carencia de avais. Este convenio complementa o asinado coa mesma entidade o pasado 30 de novembro de 2004, relativo á posta en marcha do citado programa piloto.

Para a concreción do exposto no articulado do convenio (do que se achega copia no expediente) resulta necesaria a aprobación dun procedemento de selección por parte da Xunta de Goberno Local, que permita a contratación do candidato máis axeitado. Segundo o establecido no convenio, a contratación será por seis meses. No articulado da proposta de bases que se achega co expediente recóllense o resto de aspectos contemplados no convenio (perfil dos candidatos, etc).

O custo estimado desta contratación será o seguinte, tendo en conta o establecido no Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007, para técnicos e xestores:

Denominación posto	Categoría a aplicar do Acordo	Salario mensual bruto (2005)	Custo total mensual (2005)
Técnico/a SAE-microcréditos	Técnico medio	1.686,51	2.231,08

Tendo en conta que a previsión de tempo de contratación no presente ano 2005 será de tres meses (outubro-décembro 2005), o custo estimado desta contratación para 2005 será de 6.693,24 euros, aplicables á partida 3220 1410000, incrementada en 7.500 euros coa Modificación de crédito nº 67/05.

Por todo o exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- Aprobación do procedemento para a selección dun/ha técnico/a para o desenvolvemento do programa SAE-microcréditos, nos termos expostos nas bases que se achegan.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe proposta, acorda:

Aprobación do procedemento para a selección dun/ha técnico/a para o desenvolvemento do programa SAE-microcréditos, nos termos expostos nas bases que de seguido se transcriben:

BASES PARA A SELECCIÓN DUN/HA TÉCNICO/A PARA O PROGRAMA SAE-MICROCRÉDITOS

1) DURACIÓN DA CONTRATACIÓN:

Seis meses.

2) FUNCIONES E PERFIL REQUIRIDO

- *Funcións:* Tramitación de solicitudes de microcréditos: análise de viabilidade, asesoramento, asistencia técnica, elaboración de plans de empresa e seguimento de proxectos de autoemprego promovidos por persoas pertencentes a colectivos vulnerables con dificultades de acceso ao financiamento bancario por carecer de garantías ou avais.
- *Perfil:*

Imprescindible:

- Licenciatura ou diplomatura universitaria en Económicas, Empresariais, Dereito, Graduado Social ou Relacións laborais.
- Experiencia demostrable, mínima de 1 ano, no asesoramento a proxectos de autoemprego e/ou no desenvolvemento de programas de apoio á creación de empresas.

Valorarase:

- Informática, internet
- Galego

3) PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

- Concurso de méritos entre os/as aspirantes/as convocados/as mediante anuncio público na prensa local.

- Os/as candidatos/a interesados/ presentarán o seu Currículo acreditado segundo o punto 5ª destas bases.
- Para acreditar a experiencia laboral (e a formación impartida) presentarse orixinal ou fotocopia da vida laboral, ademais de fotocopias dos contratos de traballo/certificados de empresa. Se no contrato de traballo/certificado de empresa non se especifican claramente as funcións realizadas, achegarse unha certificación de funcións.
- Para acreditar a formación recibida presentarse fotocopia do diploma do centro/entidade de impartición, con número de horas.
- Baremaranse, unicamente, os currículos dos/as candidatos/as que reúnan o perfil considerado imprescindible para o posto. No caso de non presentarse á convocatoria un número suficiente de candidaturas apropiadas, a Comisión de Selección valorará, para cada caso, a posibilidade de reducir as características requiridas como imprescindibles.
- Non se reclamará nin recollerá ningunha acreditación non presentada no prazo estipulado.
- Aos/ás candidatos/as por posto con maior puntuación no proceso de baremación, antes de pasar á entrevista, reclamaráselles a presentación do orixinal da vida laboral e fotocopias compulsadas do resto das acreditacións. (A non presentación desta documentación, será causa de exclusión do proceso selectivo).

➤ Entrevista persoal ante a Comisión de Selección. Esta decidirá cal é a mínima puntuación esixida no proceso de baremación para acceder a esta fase.

A puntuación máxima da entrevista será de 5 puntos, que se sumarán á puntuación obtida na fase de concurso de méritos.

A Comisión de Selección estará composta polos seguintes membros:

- Concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local do Concello de Vigo, ou persoa en quen delegue.
- Xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, ou persoa en quen delegue.
- Dous/dúas técnicos/as municipais, nomeados pola Concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local.
- Un/unha representante da parte social do Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007, de acordo co estipulado no seu artigo 18.

4) CRITERIOS DE BAREMACIÓN

1º) Titulación universitaria superior: 1 punto.

2º) Experiencia laboral directamente relacionada coa actividade a desenvolver: 0,1 ptos por mes (ata un máximo de 6 ptos).

3º) Formación complementaria (recibida ou impartida) directamente relacionada coa actividade a desenvolver (ata un máximo de 2 ptos):

Horas lectivas	Puntuación
De 20 a 49	0.1
De 50 a 99	0.2
De 100 a 199	0.3
De 200 a 299	0.4
300 ou máis	0.5

- 4º) Galego (ata un máximo de 1 punto): Curso de Iniciación: 0,25 ptos; Perfeccionamento: 0,25 ptos. Linguaxe administrativa galega: 0,25 ptos por cada curso. Outros cursos (como no punto 2º). As validacións consideraranse de acordo co establecido na Orde de 1 de abril de 2005.
- 5º) Outros méritos relacionados (ata un máximo de 1 pto): Informática (como no punto 3º); postgraos; publicacións, etc.

5) PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

- Prazo: 10 días hábiles a partir da data de publicación do anuncio.
- Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Vigo. Praza do Rei s/n. (Vigo). Dirixido á Comisión de Selección Programa SAE-microcréditos, Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego.
- Horario de entrega: de 9:00 a 13:00 horas.
- Documentación a entregar: Instancia solicitando participar no proceso de selección, Currículo Vitae, orixinal ou fotocopia da vida laboral, fotocopia das acreditacións e do DNI.

(Máis información na páxina web <http://emprego.vigo.org>, nos teléfonos 986 810232/34 ou nas dependencias da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego -4º planta da Casa do Concello-, onde tamén poderán recollerse as bases do proceso de selección).

11(1423).- PRÉSTAMO DE OBRAS DE ENRIQUE ORTIZ E XOSÉ MANUEL VIDAL SOUTO A CAIXANOVA PARA A EXPOSICIÓN TEMPORAL “ARTISTAS OURENSANOS”. EXPTE. 1791/337.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director do Museo municipal de Vigo “Quiñones de León”, conformado polo concelleiro da Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o préstamo temporal das obras “Amicus Silvae”, de Enrique Ortiz; e “Bodegón” de Xosé Manuel Vidal Souto, Nº inv. 2083 e 464, asignadas ao museo municipal de Vigo “Quiñones de León”; a Caixanova, para a exposición “Artistas Ourensanos” a celebrar no Centro Cultural Caixanova de Ourense, entre o 17 de novembro de 2005 e 8 de xaneiro de 2006; e conforme coas condicións habituais de préstamo establecidas polo museo municipal, dando coñecemento deste préstamo ao padroado do museo na primeira xuntanza que se convoque.

12(1424).- PRIMEIRA RENOVACIÓN DA CESIÓN EN USO DO LOCAL DO VIVEIRO DE ASOCIACIÓNS A FAVOR DA “ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS DE VIGO”. EXPTE. 2702/320.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, do 17.10.05, conformado pola delegada do Goberno da Área de Participación Cidadá e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

No marco do programa municipal “Viveiro de Asociacións” situado dentro das instalacións do Centro Cívico do Barrio Histórico, na rúa Oliva 12, o Pleno do Concello de data 27.05.02, aprobou as bases do concurso

para a autorización do uso e goce privativo de seis espazos dedicados a administración e xestión de entidades asociativas da cidade.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de 06.09.04 aprobouse o outorgamento da autorización do uso do espazo letra, "C", a entidade "Asociación Rede de Mulleres Contra os Malos Tratos" establecendo unha cota de coparticipación nos gastos correntes do inmovible de 1.502 €.

Conforme o estipulado na cláusula 6º das bases que rexen para a concesión en uso destes espazos, o prazo de cesión renovárase anualmente cun prazo máximo de tres anos.

A tal fin, a devandita entidade solicitou por escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello (documento 50171345), a correspondente solicitude da primeira prórroga, achegando diversa información relativa á memoria de xestión e balance económico do pasado ano, así como programa de actividades e presuposto de gastos e ingresos do presente ano.

Asemade, esta entidade achega certificados de atoparse ao corrente de débedas có Concello de Vigo, Consellería de Economía e Facenda, Axencia Estatal Administración Tributaria e Tesourería Territorial da Seguridade Social.

Por todo isto, e de conformidade co establecido nas bases que rexen este concurso, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

"1º.- Conceder á asociación "Asociación Rede de Mulleres Veciñais Contra os Malos Tratos de Vigo", CIF: 36928646 a primeira prórroga por un ano e con efectos dende o día 07.09.05, a cesión en uso do local identificado como "C", xunto cos seus bens mobles, sito no Viveiro de Asociacións do Centro Cívico do Barrio Histórico.

2º.- Xirar á entidade, a liquidación da cota anual de coparticipación nos gastos correntes do inmovible polo importe de 1.502 €."

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(1425).- PROPOSTA PARA A REDACCIÓN DUN PROXECTO MODIFICADO PARA A REHABILITACIÓN DA ANTIGA VIVENDA "VIEIRA" EMPRAZADA NA PARROQUIA DE SAIÁNS. EXPTE. 2711/320.

Dáse conta da proposta do xefe de Participación e Atención Cidadá, do 25.10.05, conformada pola Delegada do Goberno da Área de Participación Cidadá, que di o seguinte:

Nestes momentos estase a desenvolver-la segunda fase da rehabilitación da antiga vivenda "Vieira", na parcela nº 0002989 coñecida como "Radio Costeira", emprazada na Baixada a Praia nº 83, na parroquia de Saians.

A segunda fase actualmente en execución, contempla o acondicionamento interior (distribución, acabados e instalacións) e adxudicouse a empresa Sercoyosa Galicia S.A., debido a solicitude diversos da necesidade de realizar variacións nas partidas do proxecto de execución a petición da concellería de educación e da instalación

dun zócalo de linóleo de protección e o encaixe doutras partidas de obra, é necesario a modificación do proxecto inicial.

Polo anteriormente exposto PROPOÑO a Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Que por parte da oficina municipal de Obras e proxectos se proceda a redacción dun proxecto modificado para a rehabilitación da antiga vivenda “Vieira”, na parcela nº 0002989 coñecida como “Radio Costeira”, emprazada na Baixada a Praia nº 83, na parroquia de Saians, no que se recollan as solicitudes da concellería de educación, a instalación dun zócalo de protección e as modificacións das partidas de obras necesarias.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

14(1426).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A REDACCIÓN E EXECUCIÓN DUN PLAN DE SINALIZACIÓN TURÍSTICA. EXPTE. 1661/104.

Antecedentes

A Xunta de Goberno Local en sesión do 5.09.05 acorda aprobar o expediente para a contratación da realización e execución dun Plan de sinalización turística para a cidade de Vigo.

O titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno local con data 3.10.05 certifica que durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo publicado no DOG nº 183 (22.09.05) e no BOP nº 184 (23.09.05) presentáronse as seguintes proposicións: 1) Señalizacións e Balizamentos de Galicia S.A (SEBAGASA) e 2) Hega Cuatro S.L.

A Mesa de Contratación en sesión do 3.10.05 procedeu á apertura da documentación presentada, admitindo as propostas e pasándoas a informe do Servizo de Mobilidade, que foi emitido polo enxeñeiro municipal e o técnico de Turismo, con data 13.10.05, proponendo como adxudicataria a UTE API-HEGA CUATRO.

En sesión do 17.10.05 a Mesa de Contratación, á vista do devandito informe, formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada polo interventor xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

Adxudicar á unión temporal de empresas formada por pinturas API, S.A. e Hega Cuatro, S.L. a redacción e execución dun plan de sinalización turística por un prezo total de 189.419,77 euros dos que corresponden 139.999 para a primeira fase e 49.420,77 euros para a segunda fase. Todo iso de acordo co prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 05.09.05 e a oferta presentada.

NESTE INTRE INCORPÓRASE Á REUNIÓN O CONCELLEIRO SR. LOPEZ-CHAVES CASTRO.

15(1427).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REFORMA DAS INSTALACIÓNS DO DEPARTAMENTO DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 12928/301.

A Xunta de Goberno local retira este expediente da orde do día para mellor estudio.

16(1428).- SOLICITUDE DE D^a. CARMEN PÉREZ COSTAS E D. MANUEL BUCETA GÓMEZ DE DESCATALOGACIÓN COMO PÚBLICO DUN RAMAL DA ESTRADA DO PORTAL EN VALADARES. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 17.10.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

Antecedentes:

D^a Carmen Pérez Costas e D. Manuel Buceta Gomez solicitan, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello o día 18 de xullo 2005, a descatalogación dun ramal da estrada do Portal, na parroquia de Valadares, no termo municipal de Vigo.

O Expediente foi informado polo arquitecto da Oficina Técnica de Patrimonio en data 7 de outubro de 2005, sinalando que "El camnio inventariado esta afectado en su totalidad por las alineaciones del Plan General vigente."

Fundamentos de Dereito:

Primeiro.- Consonte o disposto no artigo 79.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local son bens de dominio público os destinados à uso ou servicio público, considerando o artigo 264 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia e o artigo 3 do RD 1372/ 1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locais como bens de uso público local, entre outros, os camiño de aproveitamento ou utilización xeral cuxa conservación e policía sexan competencia da entidade local.

Segundo.- O camiño obxecto de reclamación figura no Inventario Municipal de bens e dereitos aprobado por Acordo Plenario de data 4 de maio de 1993, grafiado como público na folla nº 17-38, con orixe na estrada do Porto (a altura do nº 189) e remate en finca particular, resultando polo tanto un ben afecto ó uso público e, na súa condición de vía pública, integrado na rede viaria municipal.

Terceiro.- Segundo resulta do informe técnico citado, ó camiño atópase afectado polo trazado do sistema viario do Plan Xeral de Ordenación Urbana vixente o que fai improcedente a descatalogación instada xa que consonte co establecido no Acordo Plenario de data 30 de novembro de 1994, tódolos expedientes de rectificación do Inventario Municipal de Bens e Dereitos deberán levar unha cláusula xeral no senso de que as rectificacións se farán menos naquelas porcións de terreo que o Plan Xeral recolla como viario.

Cuarto.- Resulta competente para a adopción do acordo de resolución do presente expediente a Xunta de Goberno Local, en virtude do disposto no artigo 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

“ Desestimar a solicitude de D^a Carmen Perez Costas e D. Manuel Buceta Gomez, de descatalogación como público do ramal da Estrada do Ponte(a altura do nº 189), con orixe na propia estrada e remate en finca particular, ó estar afectada na súa totalidade polo trazado viario previsto no Plan Xeral de Ordenación Urbana vixente, consonte o acordo do Pleno Municipal de data 30 de novembro de 1994”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(1429).- SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN DE DESAFECTACIÓN DE TERREOS DE PROPIEDAD MUNICIPAL, PERTENCENTES AO CEIP EMILIA PARDO BAZÁN, AFECTADOS POR OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DO MURO E ENSANCHE DA CALZADA NO CAMIÑO DO CHOUZO. EXPTE. 17295/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 11.10.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

PRIMEIRO.- Polo Servizo de Educación comunicouse a execución dunha beirarrúa e muro de contención no camiño do Chouzo no que veranse afectados terreos correspondentes o CEIP Emilia Pardo Bazán, interesando a súa desafectación ó uso educativo e incorporación à vía pública. Así mesmo, solicita a agrupación de 842,35 m² ós terreos do devandito CEIP, que foron cedidos o Concello como resultado da U.E.II-08 Coruña

SEGUNDO.- Segundo resulta dos antecedentes que obran na Oficina do Inventario Municipal de Bens e Dereitos, o Concello adquiriu dúas parcelas por unha superficie total de 842.35 m², trala aprobación definitiva do proxecto de compensación da U.E. II-08 Coruña, adxacentes ó Colexio Público Emilia Pardo Bazán, coa seguinte descripción e reflectidas no plano do servizo de Cartografía de data outubro de 2005.

Zona 1.- Sup. 734,15 m².

Norte.- Parcela de cesión para espazo libre posterior en línea de 7.51 m, e parcela de cesión para viais e calzadas en línea de 2d1.53 m.

Sur.- Parcela de cesión para viais e calzadas.

Leste.- Parcela de cesión para viais e calzadas.

Oeste.- Finca pertencente ó Colexio Público Emilia Pardo Bazán en línea de 38.82 m.

Zona 2.- Sup. 99,20 m².

Norte.- Finca pertencente ó Colexio Público Emilia Pardo Bazán en línea de 9.24 m

Sur.- Finca pertencente ó Colexio Público Emilia Pardo Bazán Leste.- Parcela de cesión para espazo libre posterior en línea de 34.18 m.

Oeste.- Finca pertencente ó Colexio Público Emilia Pardo Bazán en línea de 27.60 m.

TERCEIRO.- Na instrucción do expediente emitiu informe a Oficina de Educación (29.04.2005 e 15.07.2005), remitindo copia do proxecto de construción do muro e ensanche calzada no camiño do Chouzo, e plano de situación das parcelas resultantes do Proxecto de Compensación da U.E.II-08 Coruña lindantes co CEIP.

En data 26 de maio de 2005 a Dirección do CEIP Emilia Pardo Bazàn comunica a súa conformidade á desafectación da superficie vencellada ò proxecto de obras do camiño do Chouzo, e á incorporación dos novos terreos ò uso educativo.

Polo Arquitecto de Patrimonio emítese informe (23.05.2005 e 25.08.2005) sinalando que a superficie a agregar os terreos do Colexio corresponden a dúas parcelas de 743,15 m2 e 99,20 m2 adxacentes a propiedade municipal nº 83 polo linde leste, resultando a afectada polas obras do camiño do Chouzo dunha superficie de 200.50 m2.

O Servizo de Cartografía remitiu en data outubro 2005 o parcelario do Colexio Público no camiño do Chouzo correspondente as Parcelas segregadas e incorporadas (Plano 1) e Parcela resultante (Plano 2).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

PRIMEIRO.- O Grupo Escolar Pardo Bazàn, na parroquia de Coia, consta de titularidade municipal inscrita no Inventario municipal de bens e dereitos baixo o número de propiedade 000083, coa natureza xurídica de ben de servizo público afecto ò servizo educativo, unha superficie de 10.076 m2 e os seguintes lindeiros

*Norte: Propiedades Particulares (Hderos. Leiros)
Sur: Travesía Coruña.
Leste: Nº 13,15,17,19 Rúa Coruña; nº 10 Trav. Coruña.
Oeste: Cño. Chouzo.*

Dacordo cos antecedentes sinalados, procede levar a efecto a segregación de dita parcela dos terreos que nunha superficie de 200.50 m2 vense afectados polas obras de mellora do Camiño do Chouzo, e o mesmo tempo a agrupación das dúas parcelas de 743 .15 m2 e 99.20 m2 adquiridas polo Concello para o Colexio Público Emilia Pardo Bazàn.

A parcela municipal nº 000083 resultante do CEIP, tralas devanditas segregacións e agrupacións, reflectese no plano nº2 do servizo de cartografía, cunha superficie total de 10.413, 85 m2 e os seguintes lindeiros, dacordo co informe do Arquitecto de Patrimonio:

*Norte: Propiedades Particulares (Hderos. Leiros), patio interior Comunidades C/ Coruña 21 e 23.
Sur: 1ª Travesía Coruña.
Leste: Nº13,15,17,19 da Rúa Coruña; terreos privados e rúa A en proxecto.
Oeste:Cño. Chouzo.*

SEGUNDO.- A facultade das Entidades Locais para proceder á alteración da cualificación xurídica dos seus bens ven recoñecido no art. 81 da Lei 7/85 RBRL, art. 269 da Lei 5/97 de ALG e art. 8 do R.D. 1372/86 RBEL, ó dispor que dita alteración xurídica levaráse a cabo mediante a tramitación do correspondente expediente administrativo no que se acredite a oportunidade e legalidade desta, requirindo a súa adopción à cumprimentación de diversos requisitos que a mesma normativa establece.

TERCEIRO.- A modificación no destino (servizo público educativo) dos terreos correspondentes ó CEIP Emilia Pardo Bazàn que resultan afectados polas obras do camiño do Chouzo, e conseguinte incorporación ò uso público

viario constitúe unha mutación demanial, mediante a desafectación e afectación simultánea a outro fin público (art. 71 LPAAPP).

Conseguentemente non incide na natureza xurídica do ben que mantén a súa característica de dominio público municipal, pero se nos fins a que se destinan, alterándose a condición de ben afecto ó servizo público polo de uso público integrante da rede viaria municipal, ven motivada e xustificada pola necesidade de executar o proxecto de obras do Camiño do Chouzo, de interese xeral, ó permitir unha mellora na seguridade vial nos accesos ó propio centro educativo, que dá resposta así mesmo as demandas feitas por dita comunidade educativa (CEIP Emilia Pardo Bazan).

CUARTO.- A mutación demanial dos bens pertencentes as Entidades Locais, súxétanse ó réxime xurídico regulador das alteracións na calificación xurídica destes, e neste senso élle de aplicación, no suposto que nos ocupa, a alteración automática prevista no art. 81.2 letra a, da LRBRL ó establecer que prodúcese coa "Aprobación definitiva dos plans de ordenación urbana e dos proxectos de obras e servizos."

Neste senso, a execución do planeamento urbanístico, coa aprobación definitiva do Proxecto de Compensación da U.E. II-08 Coruña, e a do Proxecto de Obras de Construción de Muro e Ensanche Calzada no Camiño do Chouzo, pòdense entender acaecida a alteración automática dos bens municipais referidos, resultando afectos ó uso educativo as parcelas procedentes do proxecto de compensación da U.E. II-08 Coruña, e por outra banda a modificación no seu destino das afectadas polo proxecto de obras, se ben neste suposto condicionada a outras autorizacións pertinentes.

QUINTO.- Non obstante, a concorrencia competencial doutras administracións públicas no destino a que resulta afectos os devanditos terreos, fai preciso acadar a autorización pertinente daquelas no ámbito competencial que lle é propio.

Dacordo co decreto 1373/82 de 24 de xullo, polo que se levou a cabo a transferencia de funcións e servizos do estado en materia de educación a favor da Comunidade Autónoma de Galicia, esta ostenta na actualidade a condición de Administración xestionante do servizo educativo no ámbito desta Comunidade, e consecuentemente, requírese como trámite previo e necesario a obtención da Consellería de Educación da Xunta de Galicia da autorización correspondente para a alteración xurídica da natureza de dito ben, desafectándoo do servizo educativo, tal e como se recolle na disposición decimosétima, parágrafo 1º da Lei Orgánica 1/1990 de Ordenación Xeral do Servizo Educativo, ó establecer que ditos edificios non poderán destinarse a outros servizos ou finalidades sen autorización previa da Administración Educativa correspondente.

SEXTO.- Correspóndelle à Xunta de Goberno Local a competencia para a aprobación dos actos de xestión do patrimonio municipal, de acordo co disposto no art. 127.1.f) da LRBRL.

Por todo o anteriormente exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º.- Interesar da Consellería de Educación da Xunta de Galicia o outorgamento da autorización para a desafectación ó servizo educativo dos terreos, nunha superficie de 200.50m², pertencentes ó CEIP Emilia Pardo Bazan (propiedade municipal nº 000083), afectados polas obras de Construción do Muro e Ensanche da Calzada no Camiño do Chouzo.

2º.- Aprobar a segregación da superficie de 200.50m² da parcela correspondente á propiedade municipal nº 000083 "Grupo Escolar Pardo Bazan" e, asimesmo, a agrupación á mesma das parcelas zona 1 e zona 2 do Proxecto de Compensación da U.E. II-08 Coruña, cunha superficie respectivamente de 743.15 m² e 99.20 m², afectándoas ó uso público educativo ó que se destina a matriz.

3º.- Efectuar, unha vez acadada a autorización instada, a rectificación da propiedade nº 000083 Grupo Escolar Pardo Bazàn do Inventario Municipal de Bens e Dereitos, actualizando o seu rexistro consonte a seguinte parcela resultante:

Propiedade Municipal nº 000083.

Superficie: 10.413,85

Lindeiros:

Norte: Propiedades Particulares (Hderos. Leiros), patio interior Comunidades C/ Coruña 21 e 23.
Sur: 1ª Travesía Coruña.
Leste: Nº13,15,17,19 da Rúa Coruña; terreos privados e rúa A en proxecto.
Oeste: Cño. Chouzo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(1430).- RECLAMACIÓN DE D. ENRIQUE MAGDALENA VILA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 15658/240. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio, do 17.10.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo interventor xeral, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Enrique Magdalena Vila presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, en nome e representación de D. José Luís Garrido Augusto, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 10 de xaneiro de 2003, polos danos sufridos na motocicleta do Sr. Garrido, matrícula C-6235-BBC, o día 06 de xaneiro de 2003, ó circular coa mesma pola rúa Urzáiz, á altura do número 97, por mor dunha focha sen sinalizar.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte do servizo da Policía Local, de data 06/01/2003, no que os axentes actuantes, tras recoller as manifestacións do Sr. Garrido sobre os feitos, comprobaron que había unha focha que ocupaba a case totalidade do carril dereito, téndose afundido unha capa de formigón que se atopaba cubrindo a calzada, posíbelmente dalgunha obra realizada anteriormente no lugar.*
- *Informes do servizo de Vías e Obras, de 24/02, 20/08/2003 e 16/07/2004.*
- *Proba testifical á testemuña proposta polo reclamante, con data 24/06/2004, que confirma a existencia da focha na vía.*

- Informe do Parque Móbil, de 23/11/2004, comunicando que os prezos contidos no presuposto nº P0000017 de Moto Pasión, presentado polo reclamante, por un importe de 443,89 euros IVE incluído, son correctos e proporcionais á descrición dos danos.
- Evacuase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións en data 19/01/2005.

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e a conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de tal modo que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

No presente caso, o accidente debeuse a existencia dunha fochanca na calzada, así consta no Parte do servizo da Policía Local. Dado que a fochanca foi a causa eficiente dos danos do vehículo, estes poden vincularse ó funcionamento do servizo público, e esta Administración deberá responder dos mesmos.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por don Enrique Magdalena Vila, en nome e representación de D. José Luís Garrido Augusto, e indemnizálo na contía de 443,89 euros, correspondentes ó valor da reparación do vehículo de súa propiedade”

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(1431).- RECLAMACIÓN DE D^a. M^a TERESA LÓPEZ BLANCO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 16407/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio, do 20.10.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. M^a Teresa López Blanco presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 08 de xullo de 2003, no que expón que o día 06 de xullo de 2003, mentres camiñaba pola rúa Ronda de Don Bosco, ó cruzar a rúa á altura do nº 25, esvarou na pintura recién pintada para a delimitación da zona de aparcamento de vehículos, producíndose danos de carácter físico e material.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, de data 06/07/2003, no que os axentes actuantes manifestan que a Sra. López presentouse nas dependencias da Xefatura para declarar que se accidentara por mor da pintura da zona azul de aparcamento en vía pública, causándose danos tanto físicos como materiais.*
- Informe da empresa Estacionamientos y Servicios, concesionaria da explotación de expendedores de billetes para a regulación dos aparcamentos na vía pública, do 19/04/2004, sobre as características da pintura utilizada.*
- Dictame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 4.526,79 euros.*
- Proba testifical á testemuña proposta pola reclamante, con data 14/05/2005, que manifesta que a Sra. López caeu na calzada, xunto a un paso de peóns.*
- Evacúase trámite de audiencia á concesionaria Estacionamientos y Servicios, con data 22/07/2005, que non formula alegacións.*
- Evacuase trámite de audiencia á reclamante, con data 10/08/2005, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en cualquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

No caso que nos ocupa, a causa eficiente da caída da Sra. López foi unha liña recén pintada que demarcaba a zona azul, zona habilitada para aparcar os vehículos nas rúas. A reclamante, ó cruzar a calzada polo paso peonil, invadiu a zona de aparcamento de vehículos, dato confirmado pola testemuña presencial dos feitos, que o depoñer a súa declaración dos feitos ante o instrutor do expediente, ó ser preguntado por este onde estaba situada a zona repintada contestou “en la calzada, junto al paso de peatones”. Consonte o artigo 124 do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación “ En zonas donde existen pasos para peóns, os que se dispoñan a atravesar a calzada deberán facelo precisamente por eles, sen que poidan efectualo polas proximidades”. Á vista destes datos, a informante conclúe que a negligencia da Sra. López interferiu no nexo causal, impedindo vincular os danos ó funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de dona M^a Teresa López Blanco por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non existir relación de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello ”.

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(1432).- RECLAMACIÓN DE D. LINO IGLESIAS GUISANDE DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 663/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio, do 19.10.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Lino Iglesias Guisande presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 30 de xuño de 2005 no que expón que o día 01 de xullo de 2004 ó circular co vehículo de súa propiedade, matrícula 3283-BTZ, pola rúa Baixada a Ríos, chocou contra un colector de obras que invadía parte da calzada, ocasionándose danos tanto de tipo físico como material; o reclamante manifesta así mesmo que o colector correspondía ás obras que realizan Dna. Juana María Cabaleiro Garrido e a empresa construtora GPO-PI.

Consonte ó informe do servizo de Vías e Obras, de data 27/09/2005, o Concello de Vigo non ten relación coas obras que provocaron o accidente.

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en cualquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Neste caso, dado que, tal e como pon de manifesto o devandito informe do servizo de Vías e Obras, as obras eran realizadas por un terceiro alleo ó Concello, non é posíbel vincular o accidente ó funcionamento de ningún servizo público do mesmo, polo que falla o presuposto esencial para que entre en xogo a responsabilidade patrimonial desta Administración e esta carece de lexitimación pasiva no presente procedemento.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación formulada por don Lino Iglesias Guisande, por canto o Excmo. Concello de Vigo carece de competencia para a resolución do correspondente procedemento de responsabilidade patrimonial ó non ser o titular das obras orixe do accidente, polo que non é posíbel vincular os danos ó funcionamento de ningún servizo público de titularidade municipal”.

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(1433).-RECLAMACIÓN DE D^a. DOLORES CEBRIÁN GONZÁLEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 16467/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio, do 19.10.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dña Dolores Cebrián González presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 20 de agosto de 2003, no que expón que o día 19 de agosto de 2003, mentres camiñaba pola rúa Urzáiz á altura do número 64, caeu por mor dunha baldosa afundida, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte da Policía Local, con data 19/08/2003, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar do accidente, comprobaron como a Sra. Cebrián presentaba o tornecelo hinchado e que esta declarou que fora debido a unha baldosa da beirarrúa que se atopaba afundida.
- Informe do servizo de Vías e Obras, de decembro de 2003, no que confirman a existencia de desniveis que poderían producir tropezoños facilmente.
- Dictame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 3.516,16 euros.
- Evacuase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións con data 27/09/2004.

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A carga da proba da existencia dun dano avaliabel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á Policía Local, por se tivesen constancia dos feitos, dado que a reclamante non achega ningunha testemuña presencial dos feitos.

Sobre esta base, e á vista do expediente, pode constatarase que a Policía Local acudiu ó lugar dos feitos con posterioridade ó momento de ter acontecido a caída, polo que os axentes actuantes non foron testemuñas

presenciais da mesma e, aínda que poden acreditar que a Sra. Cebrián presentaba determinados danos e a existencia dunha louseta en mal estado no lugar no que se atropaba a reclamante á súa chegada, non poden dar fe de que a causa eficiente da caída fose a lousa en mal estado. Da presentación dos partes de asistencia médica dedúcese que a Sra. Cebrián sufriu determinados danos, pero estes non demostran en modo ningún, nin o feito da caída, nin o lugar da mesma. Dado que non existen testemuñas presenciais do accidente, a informante estima que a reclamante non probou suficientemente os feitos nos que basea a súa reclamación.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de dona Dolores Cebrián González por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(1434).- RECLAMACIÓN DE D^a BERTA TERESITA RICO DURÁN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 300/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio, do 14.10.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dona Berta Teresita Rico Durán presenta solicitude de reclamación de danos, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 23 de agosto de 2004, no que expón que o día 27 de agosto do ano 2003, cando camiñaba pola beirarrúa da rúa Cesareo Vazquez, á altura do nº 176, caeu debido ó mal estado dunha reixa de desagüe alí existente, producíndose diversas lesións.

A reclamación substanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte do servizo da Policía Local, de 30/08/2004, no que os axentes actuantes acuden ó lugar dos feitos a instancias da filla da reclamante, que lles relata a caída da súa nai. Os axentes corroboran a existencia na beirarrúa dunha reixa metálica para a recollida de augas pluviais, cunhas dimensións de 2 metros de largo por 20 cm de ancho a unha distancia aproximada de 10 cm do bordo e da calzada. Postos en contacto coas empregadas dunha farmacia cercana, estas manifestan que a devandita reixa foi colocada cando ó reformarse a beirarrúa, motivada pola construción dunha rotonda nas inmediacións. Ó ser preguntadas sobre se foran testemuñas da caída da Dra. Rico, manifestan que aínda que non presenciaron a caída, escoitaron os seus gritos e auxiliárona.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, de 27/10/2004, manifestando que a reixa colocouse ó remodelarse a zona, consistindo as obras en construción dunha rotonda e reforma das beirarrúas. Ditas obras foron reallizadas pola C.P.T.O.P.*
- *Dictame estimatorio de valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, de 10/01/2005, que cuantifica os mesmos en 23.396,23 euros.*
- *Proba testifical, en data 02/03/2005, á testemuña proposta pola reclamante.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegación 11/03/2005.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/92 de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que éste non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Á vista do informe do servizo de Vías e Obras deste Concello, non corresponde ó mesmo a titularidade da vía onde ocorreu o accidente, nin consta a asunción de competencia ningunha respecto da conservación e mantemento da mesma, polo que non é posíbel vincular os danos ó funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por dona Berta Teresita Rico Durán, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos ó non ser, nin o titular da vía onde ocorreu o sinistro, nin ter asumido título competencial ningún respecto a conservación e mantemento da mesma”.

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(1435).- RECLAMACIÓN DE D^a ELENA SUSANA MORALES REY DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 16383/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio, do 18.10.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna Elena Susana Morales Rey presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 09 de xuño de 2003, no que expón que o día 07 de xuño de 2003, mentres camiñaba pola rúa Urzáiz, á altura da antiga cafetería Goya, caeu por mor do mal estado da beirarrúa, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, con data 07/06/2003, no que os axentes actuantes acuden ó lugar dos feitos ó ser requeridos por varios peóns que auxiliaban á Sra. Morales. Así mesmo, manifestan a existencia de dúas lousas da beirarrúa rotas no lugar da caída.
- Informe do servizo de Vías e Obras, de 05/11/2003, no que manfiestan que a beirarrúa onde se accidentou a Sra. Álvarez estaba afectada polas obras do aparcadoiro de Urzáiz, sendo a súa contratista a empresa Dragados.
- Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Eloymar / Tranvías Eléctricos de Vigo, que formula alegacións con data 13/04/2004.
- Informe do servizo de Vías e Obras, de 28/06/2004, confirmando que a beirarrúa foi afectada polas obras.
- Dictame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 1.663,03 euros.
- Evacuase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións con data 19/11/2004.

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en cualquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á administración local figura a pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (art. 25.2.d e art. 26.1.a da lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases do réxime local). Así, a administración ten o deber ineludibel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber a administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos, fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que esta obrigada a garantir.

A carga da proba da existencia dun dano avaliabel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). No entanto, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrucción necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992).

Sobre esta base e á vista do expediente, pode constatarase que se produce unha absoluta ausencia de actividade probatoria por parte da reclamante, limitando a súa argumentación á descripción dos feitos e a presentación do parte de asistencia médica do día do accidente. Do Parte do servizo da Policía Local dedúcese que a Sra. Morales

sufriu unha caída na rúa Urzáiz, mais os axentes actuantes acudiron ó lugar dos feitos a instancia dos peóns que auxiliaron á reclamante e non presenciaron a caída, polo que aínda que non existe dúbida do feito da caída da Sra. Morales nin da existencia de dous lousetas en mal estado na zona onde caeu, os axentes non poden acreditar que estas lousetas foran a causa eficiente dos danos, posto que a caída poído acontecer por un tropezo, ou unha perda momentánea do equilibrio, ou calquera outra causa. Dado que a Policía Local non presenciou o accidente nin existe ningunha outra testemuña presencial do mesmo, a informante estima que a reclamante non probou a existencia de relación de causalidade entre o dano padecido e o funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación formulada por dona Elena Susana Morales Rey, por non corresponder ó Excmo. Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos ó non resultar probada a existencia dun nexo de causalidade entre o dano e o funcionamento dalgún servizo público deste Concello ”.

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(1436).- RECLAMACIÓN DE D. ALEJANDRO ANDRÉS DÍEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 16093/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio, do 14.10.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Alejandro Andrés Díez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 22 de maio de 2003, no que expón que o día 04 de maio de 2003 circulaba co vehículo de súa propiedade, matrícula PO-7166-AH, pola rúa Hernán Cortés e provocou danos no mesmo ó introducirse nunha focha existente na calzada.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte da Policía Local, con data 04/05/2003, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, comprobaron como o lugar onde o Sr. Andrés lles indica que ocorrera o accidente contaba cunha sinalización de obras na calzada.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, de 17/10/2003, que se ratifican no parte da Policía Local.*
- Informe do Parque Móbil, de 14/11/2003, comunicando que os prezos contidos no presuposto de Neuvasa, por un importe de 553,31 euros IVE incluído, son correctos e proporcionais á descrición dos danos.*
- Evacuase trámite de audiencia ó reclamante con data 12/04/2004, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e a conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de tal modo que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

No presente caso, o accidente debeuse a existencia dunha fochanca na calzada, así consta no Parte do servizo da Policía Local, mais o mesmo estaba sinalizado cun sinal vertical circunstancial de obras na calzada. Consonte o artigo 132 do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación “todos os usuarios das vías están obrigados a obedecer os sinais da circulación que establezan unha obriga ou unha prohibición e a adaptar o seu comportamento á mensaxe do resto dos sinais regulamentarios que se atopan nas vías polas que circulan”, polo que a informante conclúe que a negligencia da vítima, ó desobedecer o sinal, interferiu no nexo causal, impedindo vincular ós danos o funcionamento, normal ou anormal de ningún servizo público deste Concello.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por don Alejandro Andrés Díez, por non corresponder ó Excmo. Concello de Vigo a responsabilidade dos danos, ó non resultar probado o nexo de causalidade entre os danos e o funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración”

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(1437).- RECLAMACIÓN DE D. ANTONIO MANZANARES ORPI DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 16734/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio, do 18.10.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Antonio Manzanares Orpí presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, en nome e representación de Dna. María Farnés González Vázquez, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 17 de novembro de 2003, no que expón que o día 13 de novembro de 2003, mentres esta camiñaba pola rúa Urzáiz, caeu por mor dunha focha que había no paso de peóns diante do número 66, producíndose danos de diversa índole.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe da Policía Local, de 28/11/2003, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, de decembro de 2003, no que confirman a existencia de gretos no paso de peóns que poderían producir tropezóns facilmente.*
- Dictame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 4.856,41 euros.*
- Evacuase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións con data 10/11/2004.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á administración local figura a pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (art. 25.2.d e art. 26.1.a da lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases do réxime local). Así, a administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber a administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos, fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que esta obrigada a garantir.

A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). No entanto, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral,

obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrucción necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992).

Sobre esta base e á vista do expediente, pode constatar-se que se produce unha absoluta ausencia de actividade probatoria por parte da reclamante, limitando a súa argumentación a descripción dos feitos e a presentación dos partes de asistencia médica e facturas dos gastos de desprazamento e dos desembolsos que lle ocasionou o accidente e cuxo importe reclama. Dos partes médicos achegados ó expediente dedúcese que a Sra. González sufriu determinados danos, pero non demostran en modo ningún nin o feito da caída nin o lugar da mesma. Dado que a Policía Local non ten constancia do accidente nin existe ningunha testemuña presencial dos mesmos, a informante estima que a reclamante non probou suficientemente os feitos nos que basea a súa reclamación.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación formulada por dona María Farnés González Vázquez, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos ó non resultaren probados nin os feitos nin o nexo causal entre o dano e o funcionamento dalgún servizo público deste Concello ”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe

26(1438).- GRATIFICACIÓN AO PERSOAL MUNICIPAL COMO COMPENSACIÓN POR NON DISFRUTAR EN TODO OU PARTE A XORNADA DE VERÁN DO ANO 2005. EXPTE. 16071/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do técnico de Intervención do 26.10.05 e de acordo co informe-proposta da técnica de organización e xestión de recursos humanos da Unidade de Persoal, do 25.10.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e o concelleiro delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar ao persoal dos servizos que se relacionan, os importes que de seguido se indican, como compensación por non disfrutar en todo ou en parte da xornada de verán prevista no artigo 11 do convenio:

-Servicio de Limpeza(xuño.xullo.agosto.setembro).....1.285, 8 €, segundo relación que se achega no expediente e que comeza por Don José Manuel Lojo Pancorbo e remata por Don J. José Hermida Sanmartín.

- Servicio Extinción de Incendios.(agosto, setembro).....41.923,79 €, segundo relación que se achega no expediente e que comeza por Don Carlos Abalde Fernández e remata por Don José Benito Villaverde Veleiro.

- Parque Móbil.(xuño, xullo, agosto, setembro).....3.946,02 €, segundo relacións que se achegan no expediente e que comezan por Don Carlos Abalde Blanco e rematan por Don José Riveiro Rodríguez.

- Policía Local..(xullo, agosto, setembro)...102.047,17 €, segundo relacións que se achegan no expediente e que comezan por Don Ivan Abalde Casanova e rematan por Don Juan Guillermo Vivero Mijares.
- Cemiterios...(xuño, xullo, setembro).....4.940,88 €, segundo relacións que se achegan no expediente e que comezan por Don Jesús Alfonso Sanmartín e rematan por Don Delmiro Vilanova Acuña.
- Parque Central..(xuño, xullo, agosto, setembro).....626,49 €, segundo relacións que se achegan no expediente e que comezan por Don Manuel Domínguez Sánchez e rematan por don Rodriguez Leirós Alfonso.

O importe das anteriores horas ascende a un total de 154.770,15 €.

27(1439).- GRATIFICACIÓN AO PERSOAL MUNICIPAL COMO COMPENSACIÓN POR NON DISFRUTAR EN TODO OU PARTE A XORNADA DE VERÁN DO ANO 2005. EXPTE. 16068/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do técnico de intervención do 26.10.05 e de acordo co informe-proposta da técnica de recursos humanos da Unidade de Persoal, do 24.10.05, conformado pola xefa da Área de réxime interior e o concelleiro delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar ó persoal dos servizos que se relacionan, os importes que de seguido se indican, como compensación por non disfrutar en todo ou en parte da xornada de verán prevista no artigo 11 do convenio:

- Alcaldía: segundo relacións que se achegan no expediente e que comezan por Costas Fernández, Basilio e remata por Rocha Paramés, Cesáreo; por un total de 1.385,65 euros.
- Cemiterios: segundo relacións que se achegan no expediente e que comezan por D. Jesús Alfonso Sanmartín, e remata por D. Delmiro Vilanova Acuña; por un total de 2.013,72 euros.
- Bombeiros: segundo relacións que se achegan no expediente e que comezan por Abalde Fernández, Carlos e remata Vellaverde Veleiro, José B.; por un total de 42.715,75 euros.
- Montes, parques e xardíns: segundo relacións que se achegan no expediente e que comezan por Maia Pereira, Antonio Da e rematan por Vidal Álvarez, Jose Luis; por un total de 2.679,38 euros.
- Policía Local: segundo relacións que se achegan no expediente e que comezan por Abalde Casanova, Iván e rematan por Vivero Mijares, Juan Guillermo; por un total de 25.576,31 euros.
- Desinfección: segundo relacións que se achegan no expediente e que comezan por Pardellas Avión, Andrés A. e rematan por Rocha Álvarez, Rogelio; por un total de 3.269,13 euros.

O importes das anteriores horas ascende a un total de 77.639,94 €

28(1440).- GRATIFICACIÓN AO PERSOAL MUNICIPAL POR SERVIZOS EXTRAORDINARIOS DE DOMINGOS, FESTIVOS E XORNADA NOCTURNA CORRESPONDENTE AO MES DE SETEMBRO DE 2005. EXPTE. 16069/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do técnico de intervención do 26.10.05 e de acordo co informe-proposta da técnica de organización e xestión de recursos humanos da Unidade de Persoal, do 21.10.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e o concelleiro delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Asignar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas no expediente e que comezan por Iván Abalde Casanova do servizo de Policía Local e termina por Dámaso Árias Rodríguez do servizo de Electromecánicos, os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 64.007,62-€, con cargo a partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, correspondentes ó mes de setembro, engadindo os meses de agosto e xuño para o servizo de electromecánicos, agosto para desinfección e parque central e ó més de xullo para o servizo de Relacións Públicas.

29(1441).- GRATIFICACIÓN AO PERSOAL MUNICIPAL POR SERVIZOS EXTRAORDINARIOS DE DOMINGOS, FESTIVOS E XORNADA NOCTURNA CORRESPONDENTE AOS MESES DE XULLO, AGOSTO E SETEMBRO DE 2005. EXPTE. 16064/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do técnico de intervención do 26.10.05 e de acordo co informe-proposta da técnica de recursos humanos da Unidade de Persoal, do 24.10.05, conformado pola xefa da Área de réxime interior e o concelleiro delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Asignar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas e que se relacionan,, os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 216,50 €, con cargo a partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, correspondentes o meses de xullo , agosto e setembro de 2005” :

SERVIZO	NOME	N PERSOAL	MES	N horas	IMPORTE
CONSERXERIA	Jose Angel Fernandez Alonso	12055	Xullo	1 (Noctur)	1,02
CONSERXERIA	Jose Angel Fernandez Alonso	12055	Xullo	4 (festv)	10,2
RRPP	Jesus Castro Naveiras	17638	Xullo	6 (Festv)	15,3
CONSERXERIA	Jose Angel Fernandez Alonso	12055	Setembro	5 (noctur)	5,1
IMD	Francisco Rial Estevez	11972	Agosto	72,5 (Fest.)	184,88
					216,50

30(1442).- PRODUCTIVIDADE AOS CHÓFERES DE ALCALDÍA CORRESPONDENTE AO SEGUNDO TRIMESTES DO ANO 2005. EXPTE. 16046/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do técnico de intervención do 19.10.05 e de acordo co informe-proposta do técnico de organización da Unidade de Persoal, do 18.10.05, conformado polo alcalde acctal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar ós seguintes funcionarios, que prestan servizos como conductores adscritos a Alcaldía, as cantidades que para cada un deles se especifica, polo especial rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento dos seus postos de traballo, mais ala do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas, de conformidade co regulamento no artigo 5 do R. decreto 861/86, de 25 de abril:

- D. Basilio Costas Fernández, núm. persoal 10257, conductor da Alcaldía, 1.728,63€.
- D. Cesáreo Rocha Paramés, núm. persoal 12256, conductor da Alcaldía, 1.129,32€.

Dese traslado da presente resolución ós interesados, ó Comité de Persoal e á Intervención Xeral, debendo expoñerse, así mesmo, no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello por prazo de quince días.

31(1443).- PRODUCTIVIDADE AO PERSOAL DE SERVIZO DE VÍAS E OBRAS POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS EN XORNADA PARTIDA, CORRESPONDENTE AO MES DE XULLO DE 2005. EXPTE. 16067/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do técnico de intervención do 26.10.05 e de acordo co informe-proposta da técnica de recursos humanos da Unidade de Persoal, do 24.10.05, conformado pola Xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo de Vías e Obras, aboarase aos traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por don Juan Carlos Gonzalez Landesa e remata por dona M^a Nieves Quinteiro Vázquez, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ó mes de XULLO-2005, e que ascenden a un total de 499,15 € (CATROCENTOS NOVENTA E NOVE EUROS CON QUINCE CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

32(1444).- PRODUCTIVIDADE AO PERSOAL DO SERVIZO DE MONTES, PARQUES E XARDÍNS POR CONDUCCIÓN DE VEHÍCULOS LIXEIROS MUNICIPAIS, SEN SER OFICIAIS CONDUCTORES, CORRESPONDENTE AOS MESES DE XULLO, AGOSTO E SETEMBRO DE 2005. EXPTE. 16066/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do técnico de intervención do 26.10.05 e de acordo co informe-proposta da técnica de recursos humanos de Persoal, do 24.10.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados por D. Alfonso Alonso Rodríguez, D. Gerardo Sánchez Vicente, D. Jose Antonio Lodeiro Covelo, D. Eduardo A. Pérez Da Silva, D.Gonzalo Argibay Varicela, D. Ramón Fernández Campos, D.Francisco Javier López Arjona, D. Adolfo Troncoso Campos, D. Jose Núñez Franco, D. Joaquín Domínguez Casales e D. Manuel Valado Gómez , aboaránselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficiais conductores, por un importe total de 1.607,04 € (MIL SEISCENTOS SETE EUROS CON CATRO CENTIMOS), correspondentes o 3º TRIMESTRE do ano 2005 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

33(1445).- PRODUCTIVIDADE AO PERSOAL DO PARQUE MÓBIL POR TOXICIDADE, CORRESPONDENTE AOS MESES DE XULLO, AGOSTO E SETEMBRO DE 2005.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do técnico de intervención do 26.10.05 e de acordo co informe-proposta da técnica de recursos humanos da Unidade de Persoal, do 24.10.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de Complemento de produtividade aboarase a D Antonio Amoedo Garcia e D Antonio Gil Gonzalez, adscritos o Servicio de Parque Mobil que figura na relación que se achega no expediente, as cantidades que figuran nela, correspondentes aos meses de xullo, agosto e setembro de 2005 e que ascenden a un total 142,32 € (CENTO CUARENTA E DOUS EUROS CON TRINTA E DOUS CENTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

34(1446).- HORAS EXTRAS DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTES AOS MESES DE ABRIL, MAIO, AGOSTO E SETEMBRO DE 2005. EXPTE. 16065/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do técnico de intervención do 26.10.05 e de acordo co informe-proposta da técnica de recursos humanos de Persoal, do 27.10.05, conformado pola xefa da área de réxime interior e polo concelleiro delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondentes os meses de MARZO-ABRIL-MAIO-AGOSTO E SETEMBRO 2005, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que a continuación se indican:

- Desinfección, relación que se achega no expediente e que comeza por D. Ricardo González Arzua e remata por D. José Manuel Sousa Atrio, por un total de 177 horas, correspondentes o mes de abril 05, e relación que comeza por D. Ricardo González Arzua e remata por D. José Manuel Sousa Atrio, por un total de 358'00 horas, correspondentes o mes de maio de 2005.
- Parque Móbil, relación que se achega no expediente e que comeza por Miguel Angel Alonso Alonso e remata por D. J. Manuel Sixto Perez, correspondentes o mes de marzo 05, por un total de 907,75 horas, relación que comeza por don Miguel Angel Alonso Alonso e remata por don J. Manuel Sixto Pérez, por un total de 1299,15 horas, correspondentes o mes de abril de 2005, e relación correspondente o mes de maio de 2005 que comeza por don Miguel Angel Alonso Alonso e remata por don J. Manuel Sixto Pérez, por un total de 1269,50 horas.
- Xerencia do Parque Central, relación que se achega no expediente e que comeza por D. Guillermo Abelleira Purrua e remata por D. J. Alfonso Pérez Fernández, por un total de 463 horas, correspondentes os meses de marzo e abril 05 e relación que se achega e comeza por don

Guillermo Abelleira Porrua e remata por don Bernardo Rodríguez Lestón, por un total de 220 horas, correspondentes o mes de maio de 2005.

- Vías e Obras, relacións que se achegan no expediente e que comeza por D. José Luis Amoedo Cabaleiro e remata por D. José Manuel Martínez González, por un total de 168 horas, correspondentes o mes de marzo de 2005, e relación que comeza por D. Benito Barciela Simón e remata por D. Benigno Salgueiro Piñeiro, por un total de 169 horas correspondentes o mes de abril de 2005, e relación correspondente ao mes de maio de 2005, que comeza por D Jose Luis Amoedo Cabaleiro e remata por D Jose Manuel Martinez Gonzalez, por un total de 220 horas, e relación correspondente ao mes de xuño de 2005, que comeza por D. Benito Barciela Simón e remata por D. Benigno Salgueiro Piñeiro, por un total de 185 horas.
- Relacións Públicas, relación que se achega no expediente de don Jesús Castro Naveiras, por un total de 38 horas, correspondentes ao mes de abril de 2005.
- Montes, Parques e Xardíns, relación que se achega no expediente e que comeza por D. José Carlos Alján Martínez e remata por D. Manuel Valado Gomez, correspondentes ao mes de marzo abril 05, por un total de 555 horas e relación que comeza por don Alfonso Alonso Rodríguez e remata por don Manuel Valado Gomez, por un total de 269 horas, correspondentes ao mes de maio de 2005.
- O.S.P.I.O., relación que se achega e que comeza por D. Eugenio Matilde Viñas e remata por D. Ramón Vázquez Rial, por un total de 90 horas, correspondentes ao mes de abril , e relación que comeza por D Eugenio Matilde Viñas e remata por D Ramon Vázquez Rial, por un total de 140 horas, correspondentes ao mes de maio de 2005.
- Conserxería, relación que se achega no expediente e que contén a Dna. M^a Teresa Vaqueiro Herbello, por un total de 3,30 horas, e D. Francisco Martínez Muñoz, por un total de 63,30 horas, correspondentes ao mes de abril de 2005 , e relación que contén a D. Francisco Martínez Muñoz, por un total de 82 horas, e Dona M^a Teresa Vaqueiro Herbello, por un total de 9,15 horas, correspondentes ao mes de maio de 2005.
- Policía Local, relación que se achega e que comenza por D. Constante Alonso Caride e rematan por D. Jose Manuel Villar Fernandez, por un total de 374,30 horas correspondentes ao mes de agosto, relación que comeza por D Manuel Fernando Aguado Taboada e remata por D Jaime Villar Salgueiro, por un total de 634h 15m, correspondentes ao mes de setembro, relación que comeza por D. Constante Alonso Caride e remata por D. Francisco José Vila Campos, por un total de 216 horas , correspondentes a realización de servicios extraordinarios ante organismos oficiais (asistencias a xulgados), correspondentes ao mes de agosto e relación que comeza por D Jose Luis Alonso Moreira e remata por Francisco Jose Vila Campos, por un total de 1040 horas, correspondentes á realización de servicios extraordinarios ante organismos oficiais (asistencias a xulgados), correspondentes ao mes de setembro.

- Servizo Extinción de Incendios, relacións que se achegan e que comencan por D. Marcos Acuña Fernández e rematan por D. Jose Antonio Villar Comesaña, por un total de 643 horas, correspondentes ao mes de agosto de 2005, e relación que comeza por D. Vicente Alonso Covelo e remata por D. Alberto Villar Gutierrez, por un total de 435 horas, correspondente ao mes de setembro de 2005.

O montante do presente expediente ascende a un total de 73.700,19 € (SETENTA E TRES MIL SETECENTOS EUROS CON DEZANOVE CÉNTIMOS).

35(1447).- PROXECTO DE MODIFICACIÓN PUNTUAL DO REGULAMENTO DO CONSELLO SECTORIAL DE URBANISMO. EXPTE. 979/400.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral da Xerencia municipal de Urbanismo, do 27.10.05, que di o seguinte:

FEITOS

1º.- *En data 20/10/2000 o Pleno municipal acordou aprobar definitivamente a creación do Consello Sectorial de Urbanismo de Vigo (CSU), así como o seu regulamento (expte. 869/400, BOP núm. 221, do 17/11/2000).*

2º.- *A CSU é un órgano colexiado de participación sectorial, de carácter complementario (art. 3 dos seus Estatutos). As súas funcións son as seguintes (art. 4):*

"1ª.- Servir de canle de participación e diálogo dos interlocutores sociais no debate da problemática urbanística de Vigo, co fin de acadar solucións e acordos, procurando a máxima participación da cidadanía e das asociacións, entidades e organismo interesados no urbanismo.

2ª.- Propoñer ós órganos municipais competentes, do Concello e da Xerencia municipal de Urbanismo, os criterios de actuación que se estimen máis axeitados e participar no seguimento da xestión municipal nesta materia.

3ª.- Presentar iniciativas, propostas e suxestións ó Consello e á Xerencia, e colaborar na realización de estudos e na elaboración de programas e proxectos de carácter urbanístico.

4ª.- Debater sobre o programa anual de actuación da Xerencia municipal de Urbanismo e ser informado das súas previsións orzamentarias.

5ª.- Informar e ser informado sobre os temas específicos deste sector e propoñer alternativas concretas ós problemas existentes na área do urbanismo para que sexan tratados polo Concello e a Xerencia.

6ª.- Ser informado dos actos e acordos dictados e adoptados polos órganos do Concello e da Xerencia no exercicio das súas respectivas competencias urbanísticas.

7ª.- Solicita-la redacción de estudos e informes e dictames a respecto daqueles asuntos para os que se estime necesario.

8ª.- Constituírse en órgano permanente de consulta nos procesos de elaboración e revisión do Plan Xeral de ordenación urbana, e, en xeral, nos asuntos de transcendencia xeral.

9ª.- As demais funcións previstas no artigo 45 do Regulamento de participación cidadá".

3º.- *De acordo co disposto no art. 6 deses Estatutos, os membros do Pleno da CSU, son os seguintes:*

- *Presidente, que será o da Corporación ou membro desta no que delegue*

- O/s concelleiro/s delegado/s de Urbanismo, que poderán asumir as funcións de vicepresidente/s
- O xerente da Xerencia municipal de Urbanismo
- Un representante de cada un dos grupos municipais, libremente designados por estes
- Federación de Asociacións Veciñais “Eduardo Chao”
- Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos.
- Cámara da Propiedade Urbana ou Asociación de Propietarios que a substitúa.
- Cámara de Comercio, Industria e Navegación.
- Asociación de Promotores Inmobiliarios de Vigo (APROIN)
- Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia. Subdelegación de Vigo.
- Asociación Provincial de empresarios da construción de Pontevedra (APEC)
- Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais.
- Colexio Oficial de Deliñantes de Pontevedra.
- Colexio Oficial de Axentes da Propiedade Inmobiliaria.
- Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos de Pontevedra.
- Entidade Local de Bembrive.
- Confederación de Empresarios de Pontevedra (CEP).
- Confederación Intersindical Galega (CIG)
- Comisións Obreiras (CC.OO).
- Unión Xeral de Traballadores (UXT).

4.- En data 18/10/2005 o Decano do Iltr. Colexio de Avogados de Vigo presentou un escrito na Xerencia Municipal de Urbanismo no que comunicou o Acordo do 20/09/2005 da Xunta de Goberno desa corporación profesional de solicitar que sexa admitido un membro da mesma como representante do Colexio nas Comisións de seguimento do Plan de Urbanismo ou de cuestións análogas.

No 26/10/2005 o Concelleiro-Delegado de Urbanismo emitiu un Oficio requirindo a tramitación do procedemento necesario para modificar os Estatutos do CSU a fin de incluír entre os membros do seu órgano plenario a un representante do Colexio de Avogados de Vigo.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

A modificación estatutaria que agora se propón resulta coherente, racional e proporcionada ós fins da Comisión Sectorial de Urbanismo. A problemática urbanística garda unha vinculación directa co dereito. Por tal motivo resultan de interese as suxerencias e propostas que poida formular nese eido o colectivo dos avogados a traveso desta Comisión Sectorial.

A modificación pretendida debe tramitarse consonte co disposto no art. 49 Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LBRL). En consecuencia, unha vez aprobada inicialmente polo Pleno, abríase un trámite de información pública e audiencia dos interesados polo prazo mínimo de 30 días. Concluído dito período, se non se tivese presentado ningunha alegación entenderase aprobada definitivamente a modificación do Regulamento.

Dita aprobación require o voto favorable no Pleno municipal da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación (art. 123.2 LBRL). En consecuencia, resulta preceptiva a emisión dun Informe polo Secretario municipal previo á emisión do Acordo proposto.

En virtude do exposto, proponse ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a modificación do art. 6 dos Estatutos do Consello Sectorial de Urbanismo de Vigo, que foran aprobados polo Pleno municipal no 20/10/2000, no senso de incluír entre os membros con voz e voto no seu órgano plenario a un representante do Ilre. Colexio de Avogados de Vigo (expte. 979/400).

SEGUNDO: Abrir un trámite de información pública polo prazo de 30 días, mediante a publicación deste Acordo no BOP e a súa notificación individualizada aos membros do Pleno da Comisión Sectorial de Urbanismo así como ó Ilre. Colexio de Avogados de Vigo.

TERCEIRO: No caso de que non se interpuxese ningún escrito de alegacións durante o período de información pública, este acordo considerárase de aprobación definitiva da referida modificación estatutaria.

O Consello da Xerencia de Urbanismo en sesión do 27.10.05, por unanimidade dos asistentes dictamina favorablemente a proposta que se contén no precedente informe, proponendo a súa aprobación ao Pleno da Corporación.

O secretario xeral do Pleno, con data 28.10.05, emite o seguinte informe sobre o asunto de referencia:

LEXISLACIÓN APLICABLE.

-Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL).

-R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

ANTECEDENTES.

O Pleno do Concello en sesión de data 20 de outubro de 2000 creou o Consello Sectorial de Urbanismo e aprobou o seu Regulamento de Organización e Funcionamento que foi publicado no BOP de 17 de novembro do mesmo ano.

O artigo 6 do Regulamento refírese ós membros do Pleno do Consello. A este efecto sinala que estará integrado por representantes dos grupos políticos municipais e por representantes de diversas organizacións económicas, sociais e profesionais involucradas na materia urbanística.

Mediante escrito de data 18 de outubro o Decano do Ilustre Colexio de Avogados de Vigo solicita deste Concello a presenza dun representante do Colexio no Consello Sectorial, solicitude que foi dictaminada favorablemente no Consello da Xerencia de data 26.10.2005.

INFORME.

A materia urbanística non só planifica o deseño das cidades dende un punto de vista estratéxico, tamén disciplina as relacións xurídicas dos titulares dos distintos dereitos que poden verse afectados por esa planificación e xestión. A relación do mundo do dereito e o urbanismo é, polo tanto, evidente sendo adecuado que unha organización que representa ós profesionais xurídicos se integre nun órgano complementario que ten como fin facer partícipe a diversos colectivos das decisións municipais que poden afectarlles.

Procede, en consecuencia, modificar o artigo 6 do Regulamento citado conforme á proposta efectuada, non obstante cabe a posibilidade que outras organizacións económicas, sociais e profesionais tamén soliciten nun futuro a súa presenza neste órgano complementario de participación cidadá.

Ó obxecto de evitar posteriores modificacións puntuais que obriguen a este Concello segui-los trámites que se indican no art. 49 a LBRL e conveniente establecer unha cláusula xenérica en donde sexa suficiente un acordo do Concello Pleno. Neste senso, de conformidade coa vontade manifestada polo Consello da Xerencia, proponse engadir á proposta efectuada un novo acordo no seguinte sentido:

Modificar o artigo 6 dos Estatutos do Consello Sectorial no senso de incluír un parágrafo no que se manifeste o seguinte:

“O Concello Pleno, co voto favorable da maioría absoluta dos seus membros, poderá acordar, previa solicitude, que no Pleno do Consello se integren representantes de organizacións ou asociacións económicas, profesionais ou sociais que, polo seu obxecto e fins, teñan relación directa e inmediata coa materia urbanística. O número destes representantes non poderá ser superior a tres.”

Tal e como se establece no informe proposta da data 27 de outubro o Pleno, previa consideración do proxecto de modificación pola Xunta de Goberno Local deberá acorda-las modificacións propostas co voto favorable da maioría absoluta dos membros da Corporación.

Acordo

Á vista dos precedentes informes e previo ao sometemento da proposta do Consello Consultivo ao Pleno da Corporación, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o proxecto de modificación do art. 6 dos Estatutos do Consello Sectorial de Urbanismo de Vigo, que foran aprobados polo Pleno municipal no 20.10.00, no senso de incluír entre os membros con voz e voto no seu órgano plenario a un representante do Iltre. Colexio de Avogados de Vigo (Expte. 979/400). Así mesmo, de conformidade co informe emitido polo secretario xeral do Pleno, do 28.10.05, incluírse un novo parágrafo no citado art. 6 co seguinte texto:

“O Concello Pleno, co voto favorable da maioría absoluta dos seus membros, poderá acordar, previa solicitude, que no Pleno do Consello se integren representantes de organizacións ou asociacións económicas, profesionais ou sociais que, polo seu obxecto e fins, teñan relación directa e inmediata coa materia urbanística. O número destes representantes non poderá ser superior a tres.”

36(1448).- RECURSOS DE REPOSICIÓN- PROXECTO DE COMPENSACIÓN DA UE I-06 ROSALÍA DE CASTRO 2”. EXPTE. 4398/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta do técnico de Administración Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, do 20.10.05, que di o seguinte:

FEITOS

1.- No vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana, aprobado definitivamente no 29/04/1993 (PXOU-93) delimitouse a Unidade de Execución "UE I-06 Rosalía de Castro II", cunha cualificación de solo urbano e sistema de actuación por compensación.

2.- En data 20/06/1994 o Pleno do Concello acordou aprobar a delimitación definitiva e as Bases e Estatutos da Xunta de Compensación dese polígono, as cales foron posteriormente modificadas mediante Acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do 09/05/2002 (expte. 4315/401 -BOP núm. 13, do 18/01/2002 e núm. 105, do 04/06/2002). A Xunta de Compensación (XC) constituíuse no día 22/09/1994, inscribíndose no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras por acordo da entón Comisión Provincial de Urbanismo da CPTOPV da Xunta de Galicia do 23/12/1994 (Expte. 122/94).

O 03/05/1995 o pleno do Concello acordou aprobar definitivamente un Estudio de Detalle para a ordenación de volumes nese polígono (expte. 3402/411). Dito instrumento de planeamento foi impugnado por Eduardo Canabal Sanz perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) no recurso cont.-ad. 2/5420/1995. No día 04/07/1996 o TSXG dictou Sentenza desestimatoria do recurso (firme).

3.- En data 14/02/2005 a Xunta de Goberno Local acordou:

"PRIMEIRO: Estimar, estimar parcialmente e desestimar as alegacións interpostas durante o trámite de información pública no procedemento de referencia, no senso e polos motivos que se sinala na parte expositiva deste Acordo.

SEGUNDO: Aprobar definitivamente o Proxecto de Compensación da UE "I-6 Rosalía de Castro 2", na súa última versión corrixida, con memoria e planos datados en setembro de 2004 e febreiro de 2005 (expte. 4389/401).

TERCEIRO: Os propietarios e arrendatarios disconformes co importe das indemnizacións a eles adxudicadas no Proxecto de Compensación, disporán do prazo de vinte días hábiles para presentar nesta Administración municipal folla de prezo xusto contradictoria, que logo se remitirá, xunto cunha copia do expediente, ó Xurado Provincial de Expropiación Forzosa.

CUARTO: A Xunta de Compensación deberá inscribir o Proxecto de Compensación no Rexistro da Propiedade e achegar a esta Administración municipal unha copia do mesmo coa referencia rexistral das fincas resultantes inscritas. Deberá pagar ou consignar as indemnizacións previstas no Proxecto de Compensación no prazo máximo de 6 meses".

Dito Acordo notificouse individualizadamente ós interesados en legal forma, publicándose asemade no BOP núm. 100, do 26/05/2005 ós efectos do disposto no art. 59.5 Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXA-PAC).

Tamén no 14/02/2005 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar definitivamente o Proxecto de Urbanización deste polígono (expte. 4401/401).

4.- Contra ese Acordo interpuxeron Recurso de Reposición D. Juan Carlos Martínez Novo (14/03/2005), D^a Josefa González Rodríguez (01/04/2005), D. José Novoa Diéguez (07/04/2005), D. José Carlos Santodomingo Azpeitia (06/04/2005), D. Rafael Figueroa Ibáñez (08/04/2005) e D. Ramón Martínez Cid -Cid 17/40 SL- (07/09/2005).

Asemade, presentaron Folla de Aprecio para a súa remisión ó Xurado de Expropiación Forzosa, D^a Josefa González Rodríguez (01/04/2005), D. José Novoa Diéguez (02/04/2005), D. Carlos Rotea Villanueva (05/04/2005) e D. Rafael Figueroa Ibáñez (12/04/2005).

Déuselle traslado dunha copia de ditos escritos e follas de aprecio á Xunta de Compensación, que procedeu a respostalos mediante senllos Informes presentados na Xerencia de Urbanismo nos días respectivos 22/07/2005 e 05/10/2005.

En data 17/10/2005 o arquitecto técnico municipal da oficina de planeamento e xestión emitiu un Informe sobre os referidos recursos e follas de aprecio.

Por último, D. Ramón Ángel Zarauza Ozores (parcela inicial 21-B, r/ Areal 114) impugnou o citado Acordo de aprobación definitiva do Proxecto de Compensación perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo 1 de Vigo, no procedemento ordinario 118/2005, en trámite.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Sobre os recursos de reposición interpostos contra o referido Proxecto de Compensación, cumpre sinalalo seguinte:

I.1.- Recurso interposto por D. Juan Carlos Martínez Novo (14/03/2005, doc. 50026178).

Alega que ocupaba unha vivenda na r/ García Barbón 111, interior, 1º.2 e que discrepa da indemnización establecida no Proxecto de Compensación (PC) polo seu desaloxo.

A xunta de compensación informou desfavorablemente este recurso no seu escrito do 22/07/2005 citado. O arquitecto técnico municipal tamén propuxo a súa desestimación no seu Informe do 17/10/2005, dado que o recorrente só figura no PC como posuidor dun trasteiro. Por outra banda, D. Juan Carlos Martínez Novo non acredita nin o seu título de ocupación, nin os supostos prexuízos padecidos, nin solicita tampouco ningunha cantidade concreta por enriba da xa recoñecida no PC.

Motivos todos polos que se propoñe a desestimación deste recurso.

I.2.- Recurso interposto por Dª. Josefa González Rodríguez (01/04/2005, doc. 50034420).

Considera insuficiente o importe da indemnización establecida no PC pola extinción do contrato de arrendamento do "Bar Chinto" na r/ Areal 126, baixo.

A Xunta de Compensación opúsoxe a este recurso, incidindo en que a indemnización recoñecida calculouse consonte coa lexislación aplicable e xurisprudenza consolidada, así como que non se recoñece nas Bases de Actuación do polígono ningún dereito de realoxo para os arrendatarios de locais de negocio, e que a recorrente non xustifica o importe reclamado. O arquitecto técnico municipal sinalou a este respecto que: "(...) no proxecto de compensación figura a folla de cálculo de indemnización polo local sito na rúa Areal 126. No citado cálculo figura a indemnización calculada pola diferenza da renda futura e a renda actual, así como uns gastos de traslado e lucro cesante. Os prezos da indemnización son, a xuízo do técnico que subscribe, acordos coa lexislación aplicable".

Por estes motivos, e polos que xa se sinalaron no Acordo de aprobación do PC, proponse a desestimación deste recurso. Elo sen prexuízo de que na vía administrativa resolverá con carácter definitivo esta controversia o Xurado de Expropiación Forzosa, ó que se lle remitirá a Folla de Aprecio presentada pola recorrente no día 01/04/2005 (doc. 50034416).

I.3.- Recurso interposto por D. José Novoa Diéguez (07/04/2005, doc. 50041048).

Solicita un incremento da indemnización recoñecida polo desaloxo dun local sito na rúa Areal 114, destinado a Bar.

A Xunta de Compensación opúxose ó recurso, remitíndose por unha banda ó Acordo de aprobación definitiva do PC, no que se desestimara unha alegación de contido similar, e aportando pola outra varias referencias xurisprudenciais confirmatorias do criterio de valoración utilizado. O arquitecto técnico municipal engadiu no seu citado Informe do 17/10/2005 que: "No proxecto de compensación, figura o cálculo de indemnización polo desaloxo do local sito na rúa Areal, 114, destinado a bar. No citado cálculo figura a indemnización calculada pola diferenza da renda futura e a renda actual, así como uns gastos de traslado e o lucro cesante. En canto as cantidades a ter en conta para o cálculo do alugamento, parte dun valor de aluguer actual de 138 €/mes cando esta cantidade debe referirse sempre ó alugamento actualizado ou Ra e non ó que paga o inquilino, polo tanto o aluguer actualizado sería de 164 €/mes. En canto ó prezo de aluguer dun local novo nas inmediacións para un local de similares características estableceuse en 12 €/m2/mes, prezo medio de locais na data da aprobación inicial do proxecto de compensación (22 de xullo de 2002) e que na valoración presentada non se ten en conta esas datas. Asimesmo actualiza a valoración feita por un técnico (achega copia da mesma), baseándose no incremento do valor da edificación nos últimos dous anos, sin xustificar tales incrementos e sin ter en conta que a valoración debe referirse a unha data concreta como é a aprobación inicial do proxecto de compensación".

Por estes motivos, e polos que xa se sinalaron no Acordo de aprobación definitiva do PC, propónse a desestimación do recurso. Elo sen prexuízo de que na vía administrativa resolverá con carácter definitivo esta controversia o Xurado de Expropiación Forzosa, ó que se lle remitirá a Folla de Aprecio presentada polo recorrente no día 02/04/2005 (doc. 50034747).

I.4.- Recurso de D. José Carlos Santodomingo Azpeitia (06/04/2005, doc. 50038144).

Reclama unha indemnización polo peche dunha porta do soto do edificio sito na r/ García Barbón 117, con fronte ó caleixón de Miragaia, non incluído na UE-I-06-Rosalía de Castro 2. Protesta tamén polo aproveitamento urbanístico asignado no Proxecto de Compensación á entidade mercantil "Inmobiliaria Apartium SL".

Sobre o primeiro motivo impugnatorio (indemnización pola inutilización dunha porta de acceso ó soto do edificio 117 de García Barbón) a Xunta de Compensación considerou non acreditado o prexuízo invocado. Ademais na licenza de obras que autorizou a construción dese edificio estableceuse como rasante do caleixón de Miragaia a mesma que figura no actual Proxecto de Urbanización da UE I-06-Rosalía de Castro. O arquitecto técnico municipal propuxo a desestimación do Recurso polos mesmos motivos. Polo demais, reproducése o xa afirmado no Acordo de aprobación definitiva do Proxecto de Compensación a propósito da alegación análoga do mesmo recorrente.

No segundo motivo impugnatorio cuestiónase o aproveitamento urbanístico adxudicado á entidade mercantil "Inmobiliaria Apartium SL" no PC. A Xunta de Compensación explicou polo miúdo no seu escrito do 22/07/2005 a procedencia dese aproveitamento, engadindo o arquitecto técnico municipal que: "a citada edificabilidade resulta das parcelas aportadas núm. 2 e 22 pola sociedade citada, sen que conste alegación algunha por parte dos propios interesados".

Sen prexuízo e con independencia do antedito, o recorrente nin forma parte da Xunta de Compensación, nin posúe ningún aproveitamento urbanístico dentro do seu ámbito. Polo tanto carece de lexitimación activa para cuestiona-lo criterio de reparto dese aproveitamento entre os propietarios do polígono. Como sinalou o Tribunal Superior de Xustiza en reiteradas sentenzas, a acción pública urbanística non pode esgrimirse para defende-los supostos intereses de terceiros distintos dos xerais da Administración municipal. Maiormente neste caso, cando os

terceiros hipotéticamente afectados asumiron o Proxecto de Compensación definitivamente aprobado. Se o recorrente considera que lle corresponde algún dereito contra "Inmobiliaria Apartium SL" con motivo do contrato suscrito con ela, deberá reclamarllo directamente na vía xudicial civil.

Proponse en consecuencia a desestimación deste Recurso de Reposición.

I.5.- Recurso de Reposición de D. Rafael Figueroa Ibáñez (08/04/2005, rex. 5005545).

Funda o seu recurso nos seguintes motivos de impugnación:

- Suposta ilegalidade do Estudio de Detalle deste polígono.
- Aplicación ó PC dos novos límites de edificabilidade e reservas dotacionais establecidas na recente Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA).
- Necesidade de abrir un segundo trámite de información pública antes da aprobación definitiva do PC.
- Falla de incorporación á Xunta de Compensación da parcela orixinaria 28. Necesidade de tramitar un procedemento expropiatorio fronte a ela.
- Oposición á substitución do seu aproveitamento por unha compensación en metálico efectuada no PC.
- Necesidade de tramitar dita compensación a traveso dun procedemento de expropiación forzosa.

No referente ó Estudio de Detalle desta unidade de execución, repródúcese íntegramente o sinalado no FD "V.8.2" do Acordo de aprobación definitiva do PC, non contradito polo recorrente.

Os Estatutos e Bases de Actuación deste polígono aprobáronse definitivamente antes da entrada en vigor da LOUGA (02/01/2003). Tamén o PC aprobouse inicialmente pola Xunta de Compensación antes de dita data. Polo tanto, en virtude do preceptuado na disp. trans. 9ª da mesma Lei, resultáballe de aplicación o réxime xurídico establecido na anterior Lei 1/1997, do 24 de marzo, do Solo de Galicia -LSG/97-. Curiosamente, a referencia doutrinal mencionada polo recorrente para defender dito motivo impugnatorio prívale de razón. Na páx. 1149 do manual "Derecho Urbanístico de Galicia" (ed. El Consultor, 2004), referida á citada disp. trans. 9ª LOUGA, acádase a seguinte conclusión: "(...) De su interpretación gramatical, de acuerdo con los principios generales antes señalados, parece deducirse la segunda opción, es decir, la que reconduce a la aplicación de lo dispuesto en la LSG-97 en su conjunto". De tódolos xeitos este motivo impugnatorio carece de relevancia práctica, por canto na Disp. Trans. Primeira.1.c) LOUGA, modificada por Lei 15/2004, do 29 de decembro, dispúxose expresamente a inaplicación dos estándares da LOUGA a esta clase de polígonos durante un prazo de tres anos. E dito prazo aínda non concluíra cando se aprobou definitivamente o Proxecto de Compensación (nin sequera concluíu na data actual).

Durante a tramitación do PC abríronse dous trámites de información pública distintos. Trala finalización do último deles as correccións que se efectuaron no PC resultaron mínimas e obedeceron á estimación de varias das alegacións interpostas. En consecuencia carece de fundamento o motivo impugnatorio formulado ó respecto.

No momento actual tódalas fincas incluídas no polígono figuran incorporadas á XC, sen que o alegante demostrase o contrario. Por outra banda, a xurisprudenza e doutrina maioritarias consideran que nos casos de proindivisión basta a aceptación do 50% das cotas indivisas para poder considerar incorporada a finca á Xunta de Compensación -XC- (STS do 07/12/2001 entre outras). Os titulares da parcela orixinaria 28 consentiron e non impugnaron o PC definitivamente aprobado, recoñecendo sen lugar a dúbidas a incorporación desa finca á XC. O recorrente carece polo tanto de lexitimación activa para cuestionar dito extremo.

Por outra parte, a substitución do aproveitamento urbanístico do recorrente por unha indemnización en metálico resulta acorde a dereito. Correspóndelle tan só unha cota en proindiviso equivalente a 17 m2 de solo da

parcela primixenia sita na r/ Areal 114. O aproveitamento urbanístico a él adxudicable no proxecto de compensación (51 m²) resulta moi inferior ó 15% da parcela mínima edificable (157,50 m²). Tanto o art. 101.g) LSG-97 como o art. 116.3.b) LOUGA dispoñen que: "(...) se a contía deses dereitos non alcanzase o 15% da parcela mínima edificable, a adxudicación poderá substituírse por unha indemnización en metálico". A XC exercitou polo tanto unha opción lexítima, amparada na lexislación vixente.

Por último carece de todo senso e soporte xurídico o motivo impugnatorio relativo á necesidade de tramitar un procedemento de expropiación forzosa previo á aprobación do PC para poder realizar dita substitución de aproveitamento urbanístico. O PC tramítase e apróbase mediante un procedemento específico que, por certo, ofrece ós propietarios afectados máis garantías e oportunidades de participación que o procedemento expropiatorio. As normas sobre expropiación forzosa só se aplican con carácter supletorio sobre as particulares do procedemento de equidistribución. Neste caso concreto, únicamente no referente ás valoracións e á remisión das follas de aprecio contradictorias ó Xurado de Expropiación Forzosa unha vez concluído, por previsión expresa do art. 133.7 LSG-97.

Por estes motivos, e polos que xa se sinalaron no Acordo de aprobación definitiva do PC, propónse a desestimación do recurso. Elo sen prexuízo de que na vía administrativa resolverá con carácter definitivo esta controversia o Xurado de Expropiación Forzosa, ó que se lle remitirá a Folla de Aprecio presentada polo recorrente no día 12/04/2005 (doc. 50055452).

I.6.- Recurso interposto por D. Ramón Martínez Cid, no nome e representación de "CID 17-40 SL" (07/09/2005, doc. 50158192). Fúndase nos seguintes motivos de impugnación:

- Omisión de notificación das actuacións practicadas á mercantil "Cid 17-40 SL".
- Lonxanía da finca resultante adxudicada respecto da inicial.
- Falla de publicación da "ficha de características" do PXOU-93 sobre este ámbito.
- Suposta ilegalidade do Estudio de Detalle da UE I-06 Rosalía de Castro 2.

Este Recurso de Reposición incorre 'prima facie' en dúas causas de inadmisibilidade. Por unha banda adolece de falla de lexitimación activa da recorrente e pola outra resulta manifestamente extemporáneo.

En senllos escritos do 30/12/1995 e 06/11/1996 D^a M^a Teresa Fernández Núñez -esposa de D. Ramón Martínez Cid e socia cofundadora da entidade mercantil recorrente "Cid 17-40 SL"- comunicoulle á XC a adquisición da referida finca e delegou a súa representación e voto na persoa de D. Benito Malvar Ejerique. No 21/11/1996 D^a M^a Teresa Fernández Núñez outorgou escritura pública de adhesión á XC perante o notario de Vigo D. Alejo Calatayud Sempere (núm. 3812 de protocolo), "aceptando os seus estatutos e bases de actuación". Dende entón compareceu como representante desa propiedade na XC D. Benito Malvar Ejerique, sen que en ningún caso se cuestionase a súa representación, nin por D^a M^a Teresa Fernández Núñez, nin polo seu esposo D. Ramón Martínez Cid.

Despois da aprobación inicial do PC pola XC, mediante escritura pública de compravenda do 15/11/2002, outorgada perante o notario D. José Pedro Riol López (núm. 3414 de protocolo) adquiriron a devandita finca en réxime de proindiviso D. Benito Malvar Ejerique ("Pau urban SL") e a entidade mercantil "Cid 17-40 SL", cuxos socios son os esposos D^a M^a Teresa Fernández Núñez e D. Ramón Martínez Cid.

Os copropietarios da referida finca inicial non comunicaron nin á XC nin ó Concello ningún cambio de representación do proindiviso na XC, que polo tanto seguiu exercendo D. Benito Malvar Ejerique.

Na asembleia xeral extraordinaria da XC celebrada no día 01/09/2004 perante o notario de Vigo D. Antonio A. Salgueiro Armada (núm. 1552 de protocolo), compareceu "D. Benito Malvar Ejerique en representación de Pau Urban SL e de Cid 17-40 SL" (representación admitida polo fedatario público) e votou favorablemente á aprobación da versión final e definitiva do Proxecto de Compensación.

Consonte co preceptuado no art. 166.e) RXU, o art. 12.2 dos Estatutos da Xunta de Compensación dispoñe que: "no caso de existir cotitularidade sobre unha finca ou dereito, os cotitulares deberán designar unha persoa para o exercicio das súas facultades como asociado, respondendo solidariamente fronte á entidade de cantas obrigas dimanen da súa condición. Se non designasen representante, será nomeado polo Consello Rector entre os cotitulares. O designado neste caso exercerá as súas funcións mentres os interesados non designen outro no seu lugar". Criterio confirmado nun suposto similar polo TS na súa S. do 07/12/2001 (casación 7719/1997).

Neste caso, a persoa designada para representar na XC á finca primitiva 23 foi D. Benito Malvar Ejerique, copropietario da mesma, que exerceu tal representación dende anos atrás sen que a mercantil agora recorrente a cuestionase, nin designase a outro representante distinto. Incluso o fedatario público que solemnizou as asembleas da XC admitiu e recoñeceu dita representación.

Pois ben, do antedito derívase en primeiro termo a inadmisibilidade do recurso por falla de lexitimación activa da recorrente, toda vez que o representante lexítimo da parcela primitiva 23 votou favorablemente na XC a aprobación da última versión do PC (art. 134.3 LSG-97, art. 26 RXU e art. 63.1.b. LBRL). Así o recoñeceu o Tribunal Supremo nun caso similar na súa S. do 05/06/1993 (Arz. RJ 1993\4442), na que considerou o seguinte:

"(...) TERCERO.- Pues bien; el señor G. C., que aceptó y votó a favor del acuerdo en cuestión, carece absolutamente de legitimación para impugnarlo. La seguridad jurídica [que es un valor constitucionalmente protegido, según el art. 9.3 de la Constitución], así lo impone, y así lo exige el principio de respeto a los actos propios; como muestra valga el ejemplo del art. 63.1.b) de la Ley Reguladora de las Bases del Régimen Local de 2-4-1985, que permite impugnar los actos y acuerdos de las Entidades Locales a los miembros de las Corporaciones Locales, pero sólo a quienes hubieran votado en contra de tales actos o acuerdos."

Acadou o TS a mesma conclusión na súa máis recente sentenza do 11/04/2003 (relator: Excmo. Sr. Garzón Herrero, Arz. RJ 2003\3509),

"Por tanto la Sala entiende que ha de concluirse que el actor votó a favor, sólo que, por las razones que fuesen, se negó a firmar el acta. Desde esta perspectiva esa falta de legitimación, como integrante de un Organo de naturaleza administrativa y personalidad jurídica propia, como es la Junta de Compensación, ha de ser aceptada. (...) no estarán legitimados para la impugnación de los Acuerdos de la Asamblea General quienes hubieren votado a favor del Acuerdo, por sí o por medio de representante, y al estimarse esa falta de legitimación el recurso ha de ser declarado inadmisibile, conforme a lo dispuesto en el artículo 82 b) de la LJCA».

Do antedito derívase tamén a inadmisibilidade do Recurso de Reposición por extemporáneo, ó ter sido interposto nun prazo moi superior a un mes dende a data de notificación do Acordo de aprobación definitiva do PC ó representante da parcela resultante "23" (art. 117 LRXA-PAC). Incluso se no mellor dos casos se computase dito prazo dende a data de publicación no BOP do anuncio da aprobación definitiva (26/05/2005) sería igualmente extemporáneo. Por outra banda, non resultan creíbles as afirmacións da recorrente sobre o seu hipotético descoñecemento da aprobación do PC e do seu contido. En febreiro de 2005 tódolos xornais de maior difusión en Vigo informaron en varias ocasións sobre a aprobación dese proxecto. Así mesmo, o texto do propio Recurso

demostra un coñecemento exhaustivo sobre as determinacións do PC dende tempo atrás, sen que conste nesta Administración ningunha solicitude da recorrente para consultalo nos últimos catro meses.

O prazo para a interposición de recursos administrativos é preclusivo e improrrogable, debendo ser inadmitido de oficio o presentado extemporaneamente. Así o recoñeceu unha consolidada xurisprudencia do Tribunal Constitucional e do Tribunal Supremo, podéndose citar deste último (Sª 3ª), a modo de exemplo, as súas Sentencias do 02/03/2001 (ponente: Sr. Yagüe Gil), 03/07/2000 (Arz. 6243), 13/06/2000 (Arz. 6390), 02/11/2000 (Arz. 9702 e 9430), 20/11/2000 (Arz. 10492), así como as do TSX Galicia do 24/12/1997 e 11/11/1994.

En consecuencia, propónse a inadmisión do devandito Recurso de Reposición, sen entrar a valorar o fondo do asunto. Elo sen prexuízo de que os concretos motivos de impugnación formulados pola recorrente non resultan axustados a dereito, como se advirte no escrito da XC do 05/10/2005 incorporado ó expediente e incluso na propia fundamentación do acordo impugnado.

II.- De conformidade co disposto no art. 133.7 LSG-97, deben remitirse ó Xurado de Espropiación Forzosa de Pontevedra as follas de aprecio presentadas polos propietarios e arrendatarios que discrepan do importe das indemnizacións establecidas na última versión do Proxecto de Compensación.

III.- A desestimación ou inadmisión dos referidos Recurso de Reposición mediante resolución expresa conleva a das peticións de suspensión cautelar do Proxecto de Compensación, formuladas polos mesmos recorrentes.

IV.- É competente para adopta-lo Acordo que agora se propón, a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no art. 116.1 Lei 30/1992, do 26 de novembro (LRXA-PAC).

En virtude do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte A C O R D O

PRIMEIRO: Desestima-los recursos de reposición interpostos contra o Acordo da Xunta de Goberno Local do 14/02/2005 de aprobación definitiva do Proxecto de Compensación da UE "I-06 Rosalía de Castro 2" por D. Juan Carlos Martínez Novo, Dª Josefa González Rodríguez, D. José Novoa Diéguez, D. José Carlos Santodomingo Azpeitia e D. Rafael Figueroa Ibáñez polos motivos sinalados na parte expositiva deste Acordo. Inadmiti-lo recurso de reposición interposto por D. Ramón Martínez Cid (Cid 17-40 SL) por extemporáneo e falla de lexitimación activa. (expte. 4389/401).

SEGUNDO: Remitir ó Xurado de Expropiación Forzosa unha copia das Follas de aprecio presentadas por Dª Josefa González Rodríguez, D. José Novoa Diéguez, D. Carlos Rotea Villanueva e D. Rafael Figueroa Ibáñez, así como dos informes emitidos sobre elas e do Proxecto de Compensación definitivamente aprobado.

TERCEIRO: A Xunta de Compensación deberá inscribir o Proxecto de Compensación no Rexistro da Propiedade e achegar a esta Administración municipal unha copia do mesmo coa referencia rexistral das fincas resultantes inscritas. Deberá pagar ou consignar as indemnizacións previstas no Proxecto de Compensación no prazo máximo de 6 meses.

CUARTO: Notifíquese o contido íntegro deste Acordo ós recorrentes e á Xunta de Compensación, coa indicación de que contra o aptdo. "primeiro" da súa parte dispositiva cabe interpór recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe

37(1449).- RECTIFICACIÓN E ACLARACIÓN DO CONTIDO DO PROXECTO DE COMPENSACIÓN DA UA 14 PEDREIRA (SAN MIGUEL DE OIA) APROBADO NA SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 20.09.05. EXPTE. 4529/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta do técnico de Administración Xeral do Servizo de Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, do 18.10.05, que di o seguinte:

En data 23.12.1995 o Pleno municipal acordou aprobar definitivamente o Estudio de Detalle da UA 14 "Pedreira" -San Miguel de Oia- (expte. 3166/411, BOP núm. 27, do 07/02/1996).

No 17.09.1998 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou aprobar definitivamente os Estatutos e Bases de Actuación da Xunta de Compensación (XC) dese polígono (DOG 102, do 29/05/1998).

A xunta de compensación constituíuse no 07.04.1999 mediante escritura pública outorgada perante o notario de Vigo D^a Palmira Delgado Martín, co núm. 616 do seu Protocolo. Inscribiuse no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras en virtude de Resolución do Director Xeral de Urbanismo da Xunta de Galicia do 27.03.2000.

No 12.03.2002 o Director Xeral de Urbanismo acordou aprobar definitivamente o Proxecto de Expropiación polo sistema de taxación conxunta das fincas non incorporadas á Xunta de Compensación (expte. 120/413). No día 20.12.2002 outorgáronse as actas de ocupación e pago, consignándose na Caixa Xeral de Depósitos o prezo xusto dos que non compareceron.

No 20.09.2004 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar definitivamente o Proxecto de Compensación do devandito polígono.

Consta no expediente resolución desestimatoria do recurso de reposición (XGL de 24.01.05) interposto por don Antonio Chimeno del Campo contra a aprobación definitiva do proxecto de compensación.

O 22.09.05 don Luis Barros Rial, como presidente da xunta de compensación da "UA 14-Pedreira", na que se informa que o Rexistro da propiedade número 3 de Vigo, trasladou escrito no que se constatan certas cuestións necesarias para a práctica da correspondente inscrición do proxecto de equidistribución de acordo co previsto no rd 1093/97. En concreto, solicita copia compulsada da ata de pago e consignación do xustiprezo das fincas expropiadas e un escrito visado polo Concello no que conste:

- *Porcentaxe de procedencia canda a finca de resultado ven de máis dunha finca de orixe.*
- *Corrección de que a parcela de resultado 4-A ten unha edificabilidade de 209,10 m2 en lugar de 209,19 m2.*
- *Aclarar que a parcela de resultado 6-B, procede das parcelas orixinais 2 e 3 (falta letra).*
- *O titular da parcela de orixe número 5 que non consta a quen se lle expropió.*
- *Descrición da parcela de orixe número 8, tanto da parcela aportada como do resto do ámbito.*

Consta no expediente informe do arquitecto técnico da oficina de planeamento e xestión de data 17 de outubro de 2005.

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1. *Facultade da Administración de rectificar os seus propios actos cando concorra un suposto de error de feito.- De acordo co previsto no artigo 105.2 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común, a Administración poderá rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos. No presente caso, a xuízo do Rexistrador, é preciso completar e matizar certos datos do contido do proxecto de equidistribución. No expediente consta informe técnico do que se deduce a viabilidade da proposta formulada polo presidente da xunta de compensación.*
2. *Necesidade de inscrición dos proxectos de equidistribución no Rexistro da Propiedade.- De acordo co previsto no artigo 120 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural, unha vez adoptado o acordo de aprobación definitiva do instrumento de equidistribución, deberase inscribir este no Rexistro da Propiedade. Para a súa inscrición deberase observar o contido dos artigos 4 e seguintes do rd 1093/97, de 4 de xullo, de inscrición de actos de natureza urbanística no Rexistro da propiedade.*
3. *Órgano competente para a adopción do presente acordo.- Tendo en conta o contido do artigo 127 da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local, a competencia corresponde á Xunta de Goberno Local.*

Por todo elo, formúlase a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

1. *Remitir copias compulsadas das actas de ocupación e pago/consignación do xustiprezo das fincas obxecto do expediente de expropiación.*
2. *Incorporar ó proxecto de compensación o cadro de porcentaxe das parcelas resultantes en relación coas fincas de procedencia.*
3. *Realizar con respecto ó contido do proxecto de compensación as seguintes matizacións e no seu caso rectificacións:*
 - *A finca resultante 4-A dispoñe no proxecto de compensación aprobado dunha edificabilidade de 209,10 m2.*
 - *A finca de resultado número 6-B procede das parcelas do orixe 2 e 3-A.*
 - *No proxecto de expropiación da "UA 14 Pedreira", expediente 120/413, figuraba como titular da finca orixinal nº5, dona Áurea Rodríguez Milego.*
 - *Con respecto ó resto da parcela orixinal número 8, de 29,80 m2, a citada superficie está afectada por un viario de nova creación fora do ámbito da "UA 14 Pedreira". A nova descripción queda como segue:*

"a) finca aportada al ámbito: Descripción: Parcela en el Estudio de Detalle de la Unidad de Actuación 14 Pedreira, Parroquia de San Miguel de Oya, en el término municipal de Vigo, de la superficie 228,07 m2. Limita: Norte: Promociones Luis Barros S.L. y vial; Sur: zona verde D-1 y terrenos exteriores del ámbito de la UA; Este: parcela 7 D; Oeste: Áurea González.

b) finca fuera del ámbito: Descripción: Parcela de la Parroquia de San Miguel de Oya, en el término municipal de Vigo, de la superficie de 29,80 m2. Limita: Norte: Avelina Domínguez; Sur:

Parcela 8D de la UE 14 Pedreira propiedad de Promociones Luis Barros S.L.; Este: sendero; Oeste: Aurea González. "

- *A parcela de resultado 5C provén ademais da parcela orixinal número 4 da parcela orixinal 5.*
- 4. *Comunicar o presente acordo ós interesados, informándolles que contra o mesmo poderán interpoñer en vía administrativa recurso de reposición ou contencioso-administrativo perante ó Xulgado do contencioso-administrativo no prazo de dous meses dende a notificación do presente acordo.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

38(1450).- DEVOLUCIÓN DO AVAL Á EMPRESA EDELNE S.L. POLAS OBRAS DE CANALIZACIÓN NA RÚA LÓPEZ DE NEIRA. EXPTE. 46507/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Negociado de Vías e Obras, do 21.10.05, conformado polo concelleiro delegado de Vías e Obras, que di o seguinte:

Con data 21 de xullo de 2005, este Departamento , condiciona a autorización obxeto do presente, a constitución dun aval de 3000 Euros, polos danos que puderan ocasionarse o patrimonio municipal pola instalación da canalización na rúa reseñada. Unha vez ingresado o mesmo na Tesorería Municipal e rematados os traballos solicitados, o interesado solicitou a devolución da fianza depositada en data 29/08/05.

O Enxeñeiro Técnico , en data 18/10/2005, informa o seguinte:

“ Revisado o estado da pavimentación na zona das obras de canalización eléctrica executadas pola empresa EDELNE, S.L. nas rúa López de Neira, e tramitada a autorización co número de expediente 44726/250, determínase que os pavimentos e as instalacións construídas están en boas condicións e que procede a devolución do aval.”

Polo que PROPONSE:

Proceder á devolución da fianza de 3000 Euros , a EDELNE S.L.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

39(1451).- NOVA DELIMITACIÓN DA PROPIEDAD MUNICIPAL Nº 000037 COLEXIO PREESCOLAR PALENCIA: SOLICITUDE DE CONFORMIDADE Á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS. EXPTE. 6774/332.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 27.10.05, conformado pola xefa de Réxime Interior e o concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

PRIMEIRO.- Polo Servizo de Educación proxèctase a construción dunha gardería infantil na parcela municipal nº 000735 da rúa Palencia dacordo co proxecto do Arquitecto D. Alberto Cominges Molins, aprobado pola Xunta de Goberno Local en acordo de 3 de outubro do 2005.

SEGUNDO.- A Xerencia de Urbanismo, à solicitude da Concellería de Educación co obxeto de viabilizar a construción proxectada consonte a proposta de reparcelación reflectida no proxecto do Arquitecto D. Alberto Cominges Molins, tramitou a Modificación Puntual do Estudio de Detalle IV-02 Palencia, aprobado definitivamente por acordo do Pleno de 12 de setembro de 2005, efectuándose unha reordenación dos volumes edificábeis no seu ámbito, da que resultou unha reparcelación entre as propiedades municipais 000735 e a colindante nº 000037 (Colexio Preescolar Palencia).

TERCEIRO.- Polo Arquitecto de Patrimonio emétese informe o 21.10.2005 sinalando os novos lindeiros das parcelas municipais resultantes trala reparcelación, no que no se ven afectadas as súas superficies totais.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

PRIMEIRO.- No Inventario Municipal de Bens e Dereitos, aprobado por acordo plenario de 4 de maio de 1993, constan as seguintes parcelas:

A) Colexio Preescolar Palencia: Baixo o número de propiedade 000037, coa natureza xurídica de ben de servizo público, dunha superficie de 1086,35 m2 e os seguintes lindeiros

Norte: Rúa Palencia

Sur: Hdos. Francisca Gonzàlez Gòmez.

Leste: Rúa Palencia 36 a Rúa Soria.

Oeste: Evaristo González Gómez.

B) Parcela 941 m2 para gardería: Baixo o número de propiedade 000735, coa natureza xurídica de ben de servizo público, dunha superficie de 941 m2 e os seguintes lindeiros

Norte: Rúa Palencia e Preescolar Pdad. Municipal

Sur: Sendeiro Peonil

Leste: Casa nº 22 Avda. Martínez Garrido.

Oeste: Sendero Peonil.

SEGUNDO.- Dacordo os antecedentes sinalados, as devanditas parcelas modifícanse na súa delimitación sen alteración significativa de superficies, resultando da reparcelación cos actuais lindeiros, consonte ó informe do Arquitecto de Patrimonio:

Colexio Preescolar Palencia (Propiedade 000037)

Superficie: 1091 m2.

Norte: Rúa Palencia

Sur: Rúa Soria.

Leste: Parcela Escola Infantil.

Oeste: Evaristo González Gómez.

Parcela 941 m2 para gardería (Propiedade 000735)

Superficie: 941 m2.

Norte: Rúa Palencia

Sur: Rúa Soria.

Leste: Edificaciób R/ Palencia nº 36.

Oeste: Parcela Preescolar.

TERCEIRO.- A facultade das Entidades Locais para proceder á alteración da cualificación xurídica dos seus bens ven recoñecido no art. 81 da Lei 7/85 RBRL, art. 269 da Lei 5/97 de ALG e art. 8 do R.D. 1372/86 RBEL, ó dispor que dita alteración xurídica levaráse a cabo mediante a tramitación do correspondente expediente administrativo no que se acredite a oportunidade e legalidade desta, requirindo a súa adopción à cumprimentación de diversos requisitos que a mesma normativa establece.

Non obstante, prevese entre outros supostos, a posibilidade de que se alcance unha alteración automática na natureza xurídica dos bens, cando concorran a "Aprobación definitiva dos plans de ordenación urbana e dos proxectos de obras e servizos."(art. 81.2 letra a, da LRBRL), o que podería, no seu caso, estimarse de aplicación a presente reordenación, trala aprobación definitiva da Modificación Puntual do Estudio de Detalle IV-02 Palencia e o Proxecto de obras do Arquitecto D. Alberto Comings Molins para a Construcción da Gardería Infantil .

CUARTO.- A aprobación da modificación do E.D. IV-02 Palencia e o proxecto de obras, posibilitan a execución dunha dotación pública, polo tanto de interese xeral, que dá resposta as necesidades no servizo educativo, circunscibíndose ós seus efectos, en relación ás parcelas afectadas, a unha reordenación dos lindes, o completar as aliñacións e ordenar os volumes edificábeis (A.P. 12-09-2005), coñecida e aprobada polo propio Consello Escolar do E.E.I Rúa Palencia en sesión de 27.06.2005.

A reparcelación ou reordenación de lindes realizada, non incidiu na natureza xurídica das parcelas municipais que manteñen a mesma calificación de ben demanial e afectación ó servizo público educativo.

Segundo resulta da Modificación Puntual do Estudio de Detalle IV-02 Palencia, esta modificación é compatible e cumpre tanto o planeamento xeral de 1993, en canto cualificaba o ámbito coa ordenanza 3.3 de zonas culturais e sociais e en parte remitía ó estudo de detalle que se modifica, así como o Plan Xeral resultante da revisión que se vai aprobar inicialmente que cualifica toda a parcela dotacional como equipamento escolar...(A.P. 12-09-2005).

Conseguentemente cabe considerar, que ó non resultar modificada a cualificación urbanística das parcelas, e manterse o vencellamento a fins públicos educativos tanto da parcela correspondente ó Colexio Preescolar Palencia, como a destinada á construción da Gardería infantil, a reparcelación aprobada non altera en modo algún a natureza xurídica destas que continúan afectas ó servizo público educativo sen que se estime polo tanto a concorrencia dun suposto de afectación, desafectación ou mutación demanial que motive a necesidade da instrucción do procedemento previsto no artigo 81 da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local, ó incidir as actuacións acadadas unicamente no marco das características físicas das parcelas sen transcendencia na súa calificación xurídica.

QUINTO.- De acordo co decreto 1373/82 de 24 de xullo, polo que se levou a cabo a transferencia de funcións e servizos do Estado en materia de educación a favor da Comunidade Autónoma de Galicia, esta ostenta na actualidade a condición de Administración xestionante do servizo educativo no ámbito desta Comunidade.

Que o Concello de Vigo, no ámbito das súas competencias en materia educativa, e no marco da lexislación vixente, participa e coopera coa Administración educativa competente na creación, construción e sostemento de centros públicos docentes, sendo propietario do Centro de Preecolar da Rúa Palencia que xestiona a Xunta de Galicia na súa condición de Administración educativa (art. 25.2 LRBRL e D.A.1ª L.O. 8/1985).

Que modificada a delimitación da parcela sobre a que se situa dito centro educativo, e sen prexuízo do trámite de comunicación à CPTOPV da Xunta de Galicia da aprobación definitiva do E.D (art. 92 da L.9/2002 LOUGA), resulta pertinente acadar da Consellería de Educación a conformidade na reparcelación acometida en tanto vironse afectados ós seus lindes.

SEXTO.- Correspòndelle á Xunta de Goberno Local a competencia para a aprobación dos actos de xestión do patrimonio municipal, de acordo co disposto no art. 127.1.f) da LRBRL.

Por todo o anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Solicitar da Consellería de Educación da Xunta de Galicia a súa conformidade a nova delimitación da propiedade municipal nº 000037 Colexio Preescolar Palencia, resultante da Modificación Puntual do Estudio de Detalle IV-02 Palencia, aprobado por Acordo do Pleno en data 12.09.2005.

Colexio Preescolar Palencia (Propiedade 000037)

Superficie: 1.091 m2.

Norte: Rúa Palencia

Sur: Rúa Soria.

Leste: Parcela Escola Infantil.

Oeste: Evaristo González Gómez.

2º.- Efectuar as rectificacións das propiedades nº 000037 e 000735 do Inventario Municipal de Bens e Dereitos, actualizando a súa delimitación consonte as seguintes parcelas resultantes:

Colexio Preescolar Palencia (Propiedade 000037)

Superficie: 1091 m2.

Norte: Rúa Palencia

Sur: Rúa Soria.

Leste: Parcela Escola Infantil.

Oeste: Evaristo González Gómez.

Parcela 941 m2 para garderia (Propiedade 000735)

Superficie: 941 m2.

Norte: Rúa Palencia

Sur: Rúa Soria.

Leste: Edificación R/ Palencia nº 36.

Oeste: Parcela Preescolar.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

40(1451).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN, INSTALACIÓN E POSTA EN FUNCIONAMENTO DE EQUIPOS DE SON E MEGAFONÍA PARA O COMPLEXO DEPORTIVO DAS TRAVESAS. EXPTE. 5486/333.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de condicións técnicas para a contratación da subministración, instalación e posta en funcionamento de equipos de son e megafonía para o complexo deportivo das travesas, asinado polo director deportivo do IMD, o 10.08.05, o prego de cláusulas administrativas para dita contratación, asinado polo xefe de negociado de Contratación, do 11.10.05, e conformado polo xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos; visto o informe xurídico do 17.10.05 e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 11.10.05, conformado polo xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos, a concelleira de Deportes e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto de 60.000 euros para a subministración, instalación e posta en funcionamento de equipos de son e megafonía no complexo deportivo de As Travesas con cargo á partida 4521.629.00.00 do presuposto do ano 2005.

2º.- Aprobar os pregos de cláusulas técnicas e administrativas para a contratación por concurso aberto a subministración, instalación e posta en funcionamento de equipos de son e megafonía no complexo deportivo de As Travesas.

3º.- Convocar o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

41(1452).- MODIFICACIÓN DAS BASES DO PROGRAMA DE PRESTACIÓNS INDIVIDUAIS PARA A PREVENCIÓN, ASISTENCIA E PROMOCIÓN SOCIAL PARA O ANO 2005, APROBADAS NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 27.12.05. EXPTE. 11187/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta do xefe do Sector de Acción Social, do 26.10.05, conformado pola delegada da Área de Participación Cidadá, e polo interventor xeral, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 27 de decembro de 2004, aprobou as bases do Programa de prestacións individuais para a prevención, asistencia e promoción social para o ano 2005, comprometendo para o citado programa un gasto total de 140.000 euros con cargo a partida orzamentaria 3130.480000 “Axudas a Familias”.

Con data 18 de outubro de 2005, a Alcaldesa-Presidenta autorizou a transferencia de crédito número 92.05, para incrementar a partida 3130.480000 “Axudas a Familias” en 50.000 euros, por mor das maiores necesidades xurdidas nas situacións das familias obxecto do programa.

Como consecuencia do anterior procede modificar a Base Sexta das bases do programa, quedando a súa redacción como sigue:

“Sexta.- Crédito orzamentario

A concesión das prestación axustarase no seu conxunto ás partidas de gasto 4800000 dos programas 3130 – Benestar Social- e 4123 –CEDRO- e bolsas de vinculación correspondentes. Para o exercicio orzamentario 2005 a dotación será a seguinte:

Programa 3130, partida 4800000, importe 190.000 euros

Programa 4123, partida 4800000, importe 17.525 euros”

Tralo exposto, á Xunta de Goberno Local propónse a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Modificar a Base Sexta das bases do programa, quedando a súa redacción como segue:

“Sexta.- Crédito orzamentario

A concesión das prestación axustarase no seu conxunto ás partidas de gasto 4800000 dos programas 3130 – Benestar Social- e 4123 –CEDRO- e bolsas de vinculación correspondentes. Para o exercicio orzamentario 2005 a dotación será a seguinte:

Programa 3130, partida 4800000, importe 190.000 euros

Programa 4123, partida 4800000, importe 17.525 euros”

Segundo.- Autorizar o gasto e ordenar o pago por importe de 50.000 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 3130.4800000, mediante transferencia a conta delegada indicada na Base décimo primeira das Bases do programa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

42(1453).-ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e vinte e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molares Pérez.